Esta medida, alén de non ser consensuada, implica cambios de calado nas dinámicas académicas que poden ser moi prexudiciais para a comunidade educativa. A este respecto cómpre destacar que no sistema educativo galego estamos por riba da media de días lectivos anuais que se imparten na Unión Europea.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno :

Vai o goberno galego revisar a orde de calendario escolar negociando cos axentes da comunidade educativa un novo calendario acorde as necesidades do alumnado?

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2022

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 12/05/2022 12:57:33

Daniel Castro García na data 12/05/2022 12:57:38

Mercedes Queixas Zas na data 12/05/2022 12:57:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na Consellería de Mar existe un colectivo de traballadores denominado “mostradores do Mar”. Oito persoas que dependen directamente da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, nomeadamente da Subdirección de Investigación e Apoio Científico-Técnico.

Desenvolven o seu traballo sempre a bordo de barcos adicados á pesca de distintas artes e levan a cabo unha serie de tarefas de medición, rexistro e control de parámetros variados durante o embarque: Hora de embarque, tempo de travesía, posicionamento GPS dos aparellos, hora de calado e virado, condicións metereolóxicas, características da embarcación, rexistro das capturas e medición e pesada das mesmas, discriminación entre pesca retida e descartada, dimensións dos aparellos, etc.

Os mostradores ou observadores embarcan, segundo as indicacións da Consellería de Mar, en calquera punto da costa galega para desenvolver os seus cometidos e, polo tanto, teñen que ter dispoñibilidade absoluta xa que dependen do porto de saída e do horario, que ás veces obrígaos a pernoctar fóra do seu domicilio e a investir dúas ou máis horas de condución ata o destino ordenado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os embarques son en buques de pesca profesional, de tipoloxía variada e de propiedade privada. A súa xornada depende do tipo de barco no que naveguen e da pesca á que se adique, e abrangue entre 3 e 16 horas, podendo realizarse de día ou de noite ou independentemente de que as condicións metereolóxicas sexan mellores ou peores.

En definitiva, as condicións de traballo e horarios dos mostradores da Consellería de Mar son os mesmos que as dos mariñeiros propios dos barcos nos que embarcan para desenvolver as súas funcións.

No entanto, malia ás duras condicións nas que teñen que desenvolver as súas tarefas, aplícaselles un réxime de protección social distinto que o das persoas traballadoras do sector e, aínda pertencendo ao Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar non se lles aplica a idade de xubilación establecida no RD 2390/2004, sobre a redución da idade mínima para causar pensión de xubilación no Réxime Especial dos Traballadores do Mar.

Esta discriminación non é xustificábel nin entendíbel, máxime cando a Lei 47/2015, do 21 de outubro, reguladora da protección social das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro, no seu artigo 3.b), recolle aos observadores de pesca como persoas comprendidas no réxime do Mar e no seu artigo 10 clasifícaos no primeiro grupo a efectos de cotización. Pero é, precisamente, este grupo o que queda excluído, por medio do seu artigo 11, da aplicación dos coeficientes correctores da cotización.

Por outra banda, o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo RD Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, recolle que a idade mínima de acceso á pensión de xubilación poderá ser rebaixada naqueles grupos ou actividades profesionais cuxos traballos sexan de natureza excepcionalmente penosa, tóxica, perigosa ou insalubre ...”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No caso que nos atinxe, a penosidade e a perigosidade é evidente e directamente proporcional á que se lle recoñece aos tripulantes dos buques pesqueiros, aos que os mostradores acompañan en todo momento durante o itinerario da súa travesía.

A normativa vixente recolle tamén que para iniciar o procedemento para o establecemento de coeficientes redutores da idade de xubilación, no caso de persoal pertencente ás administracións públicas “a iniciativa corresponderá conxuntamente ás organizacións sindicais máis representativas e á administración da que dependa o colectivo”.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións e xestións vai levar a cabo a Xunta de Galiza para que o colectivo de mostradores da Consellería de Mar poda acceder, polas características da súa actividade, a unha rebaixa da idade de xubilación?

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 12/05/2022 12:58:47

María do Carme González Iglesias na data 12/05/2022 12:58:58

Daniel Castro García na data 12/05/2022 12:59:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral e Olalla Rodil Fernández, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre privatización dunha escola infantil na Guarda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 26 de abril o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar publicou na súa páxina web a licitación do servizo de atención educativa na escola infantil da Guarda. Un documento que na práctica implica que a xestión desa escola infantil non se realizará mediante xestión directa e con persoal do Consorcio, senón a través dunha empresa privada.

Cómpre destacar que o Concello da Guarda, xa en xuño do ano 2020, asinara un convenio de colaboración coa Consellaría de Política Social na que se acordaba construír unha escola infantil de 0 a 3 anos, con 3 unidades e 41 prazas. Un centro que debería empezar a súa actividade lectiva no curso 22/23.

Sorprendentemente, a Consellaría de Política Social, decidiu sen que ninguén agardase tal decisión, apostar pola xestión privada desta escola infantil. Esta decisión da Xunta está a crear unha gran indignación na veciñanza da Guarda, que non entende como é posíbel que un centro construído con fondos públicos e en terreos municipais vaia ser agora explotado por unha empresa privada que non tivo que investir nin que arriscar un céntimo nese proxecto.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno :

Vai o Goberno galego suspender a licitación do servizo de Escola Infantil na Guarda e dotala de persoal propio do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar?

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2022

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Olalla Rodil Fernández

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 12/05/2022 13:16:58

Olalla Rodil Fernández na data 12/05/2022 13:17:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 1 de outubro de 2020, este Grupo Parlamentar rexistrou diversas iniciativas relativas á falla de seguridade viaria na estrada AC-550 ao seu paso polo termo municipal de Noia. Nomeadamente, solicitabamos “medidas urxentes para dotar de seguridade viaria aos lugares de Boa, Orro, Vilanova e Eiroa”.

A resposta escrita do Goberno chegou o 29 de decembro e, malia a constatar pola súa parte as reiteradas solicitudes de novos pasos de peóns por parte da Administración local e da veciñanza, indicóusenos que a súa habilitación neses puntos “non cumpre os requisitos fixados pola normativa”.

Non conformes cos argumentos desa resposta, rexistramos novas iniciativas, aportando datos máis precisos sobre a situación, o 1 de marzo de 2021. A nova resposta escrita ás nosas preguntas chegou o 22 de setembro e nesta ocasión, recoñécese que hai posibilidades de poder colocar un paso de peóns no lugar de Orro, nomeadamente no punto 70+050, á altura da marquesiña, mais que “o Concello debe levar a cabo unha serie de actuacións encamiñadas a garantir a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

seguridade dos usuarios do paso” e que “a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Noia están en contacto para que o paso de peóns de Orro se materialice o antes posíbel”.

No mes de xaneiro deste ano, e tamén a solicitude do Grupo Municipal do BNG, o alcalde de Noia trasládanos que as xestións coa Axencia Galega de Infraestruturas xa tiveran lugar e que o paso de peóns de Orro materializárase “antes do remate do mes de febreiro. Estamos no mes de maio e aínda non se levou a cabo.

No caso do lugar de Boa, tamén en resposta do Goberno do 22 de setembro de 2021, dísenos que “non é treito urbano e non dispón de beirarrúas en ambas marxes” e que, ademais, “a iluminación non é suficiente”.

Ao noso xuízo, que a parroquia de Boa non se considere un treito urbano non se axusta á realidade do lugar, máxime cando existen pasos de peóns en zonas moi similares e cunha menor densidade de poboación. No relativo ás beirarrúas, aínda que moi mellorábeis, si existen e o problema da iluminación poderíase solucionar facilmente.

É dicir, que os inconvenientes que a Xunta de Galiza está a poñer de manifesto na súa resposta escrita, entendemos que se se realizan as accións precisas, de xeito coordinado e con dilixencia entre as dúas administracións, podería dársele solución a un problema que vén de vello e que causa moita preocupación entre os veciños e veciñas do lugar.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións vai levar a cabo a Xunta de Galiza para que a situación que padecen dende hai anos as veciñas e veciños de Boa, no Concello de Noia, respecto da AC-550 ao seu paso por ese lugar garantan a seguridade viaria, sobre todo dos peóns?

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 12/05/2022 13:19:48

Paulo Ríos Santomé na data 12/05/2022 13:19:57

Xosé Luis Bará Torres na data 12/05/2022 13:20:02



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O sistema sanitario público galego adoece, en especial a Atención Primaria, dunha situación de desatención tal por parte do Goberno que a cidadanía, sobre todo dos núcleos rurais, atópase desprotexida dun dos seus dereitos fundamentais como é o da sanidade.

Isto está a acontecer no centro de saúde do concello de Rianxo, onde a atención sanitaria polas tardes é moi deficitaria pese ao esforzo do persoal facultativo e técnico. As persoas usuarias da quenda da tarde tardan dúas semanas en concertar unha cita co seu médico mesmo para renovar receitas e non atopan resposta na atención telefónica, véndose obrigadas a acudir de maneira presencial ao centro de saúde.

Esta situación ten boa parte de explicación na inexistencia do punto de atención continuada en horario de tarde os días laborables (só funciona de 22:00 a 8:00 horas). Ao non dispor dese servizo de urxencias polas tardes, as persoas que precisan de atención médica desprázanse ao centro igualmente de xeito que o persoal facultativo desa quenda ten que atender os seus doentes e tamén os casos imprevistos, co conseguinte desbordamento na carga de traballo que lles supón. É por isto que ese centro de saúde vese en serias dificultades para que alguén queira ocupar esa praza de maneira estable.

A maiores, e dadas as dificultades de concertar a tempo unha cita co facultativo desa quenda, moitas doentes acoden ao servizo de PAC para consultas que deberan tramitarse pola vía ordinaria, froito da saturación existente que provoca desorde na xestión dos casos que fan as persoas usuarias e unha disfunción dos servizos.

Por todo isto, e para ofrecer un servizo de saúde digno a toda a poboación do concello de Rianxo, faise necesario dotar a quenda ordinaria da tarde do persoal suficiente e adiantar o horario do PAC ás 15:00 horas, como acontece na práctica totalidade dos centros de Atención Primaria de Galicia e como reclaman máis de 3.000 rianxeiros e rianxeiras coas súas sinaturas que xa entregaron ao Sergas.



Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Valora o Goberno galego adiantar o horario do punto de atención continuada (PAC) de Rianxo ás 15:00 horas os días laborables?

Pazo do Parlamento, 12 de maio de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 12/05/2022 13:27:59

Julio Torrado Quintela na data 12/05/2022 13:28:14

Marina Ortega Otero na data 12/05/2022 13:28:24



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O centro de saúde de Ourol conta cunha única praza de médico asignado, pero dende pouco antes de Semana Santa deste ano, o profesional que ocupa esta praza atópase de baixa médica.

Dende o pasado 7 de abril os arredor de 1.000 veciños e veciñas de Ourol carecen dunha adecuada atención primaria. Esta mesma semana a veciñanza só contará con médico o martes e xoves, e os tres días restantes prestarase unicamente atención telefónica dende Lugo para baixas e receitas. Polo tanto, a maior parte da semana a veciñanza de Ourol carece de atención do seu médico de cabeceira.

Pero esta situación descrita non se limita a esta semana, senón que xa se vén dando dende principios do mes de abril, como así leva denunciando o seu alcalde, e que previsiblemente se estenda no tempo, xa que a baixa probablemente sexa longo e a resposta dada dende a Consellería de Sanidade ao alcalde é que non hai médicos e que irán cubrindo esta baixa día a día. Unha vez máis vemos como o Sergas só pon parches e ademais abdica responsabilidades, xa que se non hai médicos, algo terá que ver a súa nula planificación e previsión en política de persoal na atención primaria nos últimos 13 anos de goberno popular.

Esta situación dáse nun concello, o de Ourol, onde máis do 50 % da súa poboación son maiores de 65 anos, e nun concello rural, os cales están acostumados a que a Xunta de Galicia recorte constantemente servizos públicos, tan necesarios estes para poder fixar poboación.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Vai o Goberno galego cubrir, de xeito inmediato, a baixa do único médico co que conta o centro de saúde de Ourol?

Pazo do Parlamento, 12 de maio de 2022





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/05/2022 16:37:34
Nº Rexistro: 34903
Data envío: 12/05/2022 16:37:34.968

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 12/05/2022 16:06:00

Julio Torrado Quintela na data 12/05/2022 16:06:14

Marina Ortega Otero na data 12/05/2022 16:06:25

CSV: BOPGDSPG-0FT97Mnq-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso e Rosana Pérez Fernández, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as medidas a tomar para recuperar a produción marisqueira da ría de Cariño.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación da produción marisqueira na ría de Ortigueira, e nomeadamente nas áreas de explotación da confraría de Cariño así como en algunhas zonas de libre marisqueo, é un completo desastre.

De feito as poucas persoas que aínda se dedican ao marisqueo nesta confraría levan todo un ano sen poder traballar pola falta de marisco. Situación acreditada mediante as mostraxes realizadas polos organismos técnicos competentes da Xunta de Galiza e polo tanto perfectamente coñecida.

De feito a baixada da produción ven sendo denunciada polo persoal do sector desde hai varios anos, e constatada por persoal técnico ao servizo da Xunta desprazado até as zonas de explotación.

Nestes anos ningunha das alternativas presentadas pola Xunta ás mariscadoras para recuperar a produción teñen dado resultado, por exemplo sementar ameixa, xa que morre sistematicamente aos poucos días da sementeira, sen que se coñeza polo de agora a causa da desaparición do marisco e da mortalidade das ameixas sementadas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A caída da produción afecta tamén a un tipo de ostra que foi o único sustento económico das mariscadoras durante os anos anteriores, e que se trata de unha especie foránea e invasiva.

En todo caso, ante a ausencia de análises exhaustivas e rigorosas, e de explicacións definitivas, o certo é que se descoñece o grao de afectación sobre a produción marisqueira de determinados feitos como poden ser, entre outros, cambios na morfoloxía dos fondos nos que poden ter incidido dragados realizados na ría para obras portuarias, actividades mineiras realizadas nas proximidades e as súas actividades complementarias como é o embarque do mineral, ou vertidos de augas residuais.

O colectivo de mariscadoras leva un ano sen ingresos e o que é peor, sen solucións nin expectativas razoábeis de mudar a tendencia.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto a Xunta de Galiza realizar algún estudo sobre a situación da produción marisqueira da ría de Ortigueira no que inclúa os efectos dos dragados realizados na ría, os da actividade mineira e os efectos de vertidos derivados da rede de saneamento?

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2022

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**
Rosana Pérez Fernández





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 12/05/2022 17:16:04

Rosana Pérez Fernández na data 12/05/2022 17:16:08



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García, Leticia Gallego Sanromán e Noelia Otero Lago, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral urxente** en **Pleno**.

Xustificación da urxencia

A xustificación da urxencia vén dada tralo anuncio do xulgado da venda do antigo estaleiro de Barreras e a subrogación de só 20 dos 120 traballadores de dito estaleiro, o Grupo Parlamentario Socialista necesita coñecer con urxencia as iniciativas que ten previsto o Goberno galego para as persoas traballadoras afectadas.

O pasado 9 de febreiro a Xustiza galega autorizou de forma definitiva ao administrador concursal a iniciar o proceso de venda directa do estaleiro de Barreras e habilitaba un último prazo de dez días para que as empresas interesadas, Estaleiros Gondán, Estaleiros Armón e Marina Meridional mellorasen, se así o estimaban oportuno, as ofertas vinculantes presentadas a finais de 2021.

Tal e como detalla o auto xudicial, unha vez que o administrador concursal recibira as ofertas finais, abrírase un prazo de audiencia tanto para os representantes dos traballadores como para a concursada, os acredores e a autoridade portuaria. Concluído este último prazo, a xestora do estaleiro —o despacho de avogados vigués Tahice Legal— emitiría un informe de valoración co resultado final.

Dende o Comité de Empresa e especialmente dende UGT-FICA, sindicato maioritario no Comité defenderon que se deba valorar e defender as ofertas que manteñen o emprego xunto coa estabilidade dun proxecto industrial fiable despois dos bandazos que leva dado o estaleiro. Segundo o propio Presidente do Comité de Empresa, o novo propietario deba manter o emprego existente e sinalou a contradición que constituiría prescindir dun persoal experimentado nun momento en que faltan bos profesionais con experiencia no sector naval, e no estaleiro de Barreras hainos cunha traxectoria profesional de 30 anos.



Nese momento do proceso o noso grupo parlamentario pediulle insistentemente á Xunta de Galicia, con competencias en industria e emprego que apoiara esta reivindicación realizada pola parte social e das empresas do sector, cun informe que avaliara e cuantificara as propostas en materia industrial e laboral presentadas, para garantir un futuro para o emprego e a actividade de dito estaleiro, pero dende a Autoridade Portuaria, dependente da Xunta de Galicia emitiron un informe baleiro que non recolleu a petición dos axentes sociais.

O Xulgado que leva o concurso de acredores do estaleiro anunciou que vendería a unidade produtiva a Estaleiros Armón por 14,7 millóns de euros. Dita empresa, segundo consta no auto, subrogará a vinte traballadores dos 123 que tiña o persoal. A empresa, nun comunicado, asegurou que toma a testemuña coa vista posta en relanzar ao histórico e centenario estaleiro, para facer crecer a actividade na ría, pero a decisión é, á vez, unha xerra de auga fría para o persoal. O comité de empresa lamentou que se vaian á rúa cen persoas cun Goberno galego que pasou de perfil o proceso de venda.

Nesta nova situación e trala venda do estaleiro de Barreras, na ría de Vigo observamos como as instalacións da antiga Vulcano quedan con 28 traballadores e as de Barreras quedarán con soamente 20, nuns estaleiros que contaron cun alto número de traballadores en ambos casos, e o goberno galego non pode seguir desculpando a súa inacción polo proceso xudicial de venda e seguir de costas aos traballadores do naval na ría de Vigo, para o cal debera activar as súas competencias a nivel económico e industrial para facer que a nova propietaria ampliase o número de traballadores que recolle na súa oferta de compra e poñer en marcha un Plan de recolocación das persoas traballadoras afectadas polos futuros despidos, ademais dun plan de reactivación do sector naval privado da ría de Vigo, no que se reforce a colaboración pública-privada anunciada en tantas ocasións polo Goberno galego.



Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta urxente para o seu debate en Pleno:

Pensa o Goberno galego utilizar as súas competencias para levar a cabo algunha iniciativa que evite a perda dun cento de postos de traballo no antigo estaleiro de Barreras?

Pazo do Parlamento, 16 de maio do 2022

Asdo.: Martín Seco García
Leticia Gallego Sanromán
Noelia Otero Lago
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 16/05/2022 13:29:54

María Leticia Gallego Sanromán na data 16/05/2022 13:30:05

Noelia Otero Lago na data 16/05/2022 13:30:12



Á Mesa do Parlamento,

Marta Nóvoa Iglesias, Miguel Ángel Tellado Filgueira, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez, Adrián Pardo López, Moisés Rodríguez Pérez e Borja Vereas Fraiz deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de coñecer a situación actual dos Proxectos Estratéxicos para a Recuperación e Transformación, máis coñecidos polas súas siglas como PERTES, e as previsións do Goberno galego no que respecta ao seu impacto en Galicia.

É indiscutible que o Goberno de España non pode seguir vendendo como un éxito a xestión dos fondos europeos Next Generation cando dos nove PERTES aprobados no Consello de Ministros, cunha dotación de máis de 33.700 millóns de euros, só ten lanzado convocatorias por un total de 4.000 millóns de euros, é dicir menos do 14% dos fondos se teñen traducido en convocatorias de axudas.

Unha lentitude que está a poñer en risco a execución dos fondos nos prazos que marca a Comisión Europea, que se agrava pola negativa do Executivo central a traballar coas Comunidades Autónomas a prol dunha cogobernanza real desta oportunidade única para impulsar a transformación e o crecemento do tecido industria, desde a máxima transparencia, a cohesión territorial e social e a igualdade de oportunidades.

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes formula a seguintes pregunta:

¿Como valora a Xunta de Galicia as actuacións levadas a cabo ata o momento polo Goberno central en relación coa execución dos PERTE e aos proxectos estratéxicos presentados desde Galicia?

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2021



Asinado dixitalmente por:

Marta Nóvoa Iglesias na data 16/05/2022 17:07:40

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 16/05/2022 17:08:09

Cristina Sanz Arias na data 16/05/2022 17:08:20

José Antonio Armada Pérez na data 16/05/2022 17:08:33

Pardo López, Adrián na data 16/05/2022 17:09:21

Rodríguez Pérez, Moisés na data 16/05/2022 17:09:34

Borja Vereza Fraiz na data 16/05/2022 17:09:45

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Daniel Pérez López, Noa Presas Bergantiños e María González Albert, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**, sobre a agresión perpetrada polo alcalde de Ourense a unha representante sindical.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de coñecer canto antes en sede parlamentar a valoración que realiza a Xunta de Galiza da recente e gravísima agresión perpetrada polo alcalde de Ourense a unha representante sindical.

Exposición de motivos

O pasado 3 de maio comezou a folga indefinida no transporte urbano da cidade de Ourense. Trátase dun servizo xestionado por unha empresa coa concesión administrativa en precario dende o ano 2015, e que evidencia unha total falla de vontade na actualización das condicións laborais das traballadoras, tanto salariais, como de xornada de traballo, ou para a implantación de medidas elementais de conciliación laboral e familiar... polo que ás traballadoras da concesionaria municipal non lles quedou outra alternativa na procura dun proceso negociador real que a convocatoria dunha folga.

Durante a concentración das traballadoras e representantes sindicais que apoian o paro o alcalde de Ourense -investido cos votos do seu partido e do Partido Popular – saíu da casa consistorial en dirección ao lugar no que se encontraban concentradas as





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

traballadoras. Entendendo a existencia dunha vontade de diálogo unha representante sindical ofreceulle un megáfono para que se puidera dirixir ás persoas concentradas, tras o que o Sr. Alcalde procedeu a agredir fisicamente á coñecida sindicalista ourensá propinándolle un empurrón que non tivo continuidade por mor da intervención das persoas presentes, axentes da Policía Local inclusive.

Esta nova saída de ton do alcalde ourensán, precedido de insultos a representantes cidadás, a traballadoras municipais, a creadores/as culturais, a participantes e espectadoras de probas deportivas... constitúe unha singular gravidade tanto por tratarse dunha agresión física, como por dirixirse a unha representante sindical en exercicio do seu labor de defensa dos dereitos das traballadoras.

O Partido Popular que escolleu, apoia e forma parte do goberno municipal presidido polo Sr. Pérez Jácome vén permitindo e participando non só no dispendio dos recursos públicos, senón tamén na degradación da Institución Municipal.

En consecuencia, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través dos deputados e das deputadas asinantes, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Considera o Goberno galego que a agresión física perpetrada polo alcalde de Ourense a unha representante sindical evidencia a súa capacidade para exercer un cargo público de carácter representativo?

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Daniel Pérez López





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños

María González Albert

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 16/05/2022 17:36:34

Daniel Pérez López na data 16/05/2022 17:36:43

Noa Presas Bergantiños na data 16/05/2022 17:36:52

María González Albert na data 16/05/2022 17:37:00



Á Mesa do Parlamento

Luis Manuel Álvarez Martínez, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia**.

Sr. presidente, que medidas ten previsto adoptar o Goberno ante a difícil situación actual?

Pazo do Parlamento, 16 de maio de 2022

Asdo.: **Luis Manuel Álvarez Martínez**
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/05/2022 17:16:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente da Xunta**, para a súa resposta **oral en Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

Que propostas ten o goberno para evitar que a lingua galega siga perdendo falantes?

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2022

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 16/05/2022 17:34:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Carmen Aira Díaz e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre os problemas de autorización para cortas de madeira e as medidas a tomar por parte da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A ferramenta web CORWEB permite que a cidadanía xestione as solicitudes de aproveitamento madeireiro en montes ou terreos forestais de xestión privada en Galiza. Un sector que os responsábeis da Consellaría de Medio Rural non deixan de citar como estratéxico e primordial para o país.

Pois ben, desde a xornada do 27 de abril o servizo que CORWEB proporciona é totalmente deficiente na xestión do “MR604R - Declaración responsable para aproveitamentos madeireiros e leñosos en montes ou terreos forestais de xestión privada” e do “MR604N - Autorización para aproveitamentos madeireiros e leñosos en montes ou terreos forestais de xestión privada”. En ambos casos a web refería “un problema con Catastro”.

Isto, que non pasaría de anecdótico se fose un fallo puntual, convertíuse nun problema real ao persistir durante máis dunha semana. No Bloque Nacionalista Galego temos constancia das queixas presentadas ante a Consellaría do Medio Rural por profesionais do sector que se dirixiron tanto ao 012 como aos Distritos forestais que querían amosar o seu malestar pola situación e buscar solucións.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta situación supón un importante contratempo nun sector que, de novo, ten de paralizar os traballos nos montes despois de vir de case tras semanas de paro no mes de marzo pola folga do transporte.

Desde esa xornada do pasado 27 de abril a ferramenta web que é preceptivo empregar para poder facer cortas de madeira está a funcionar de xeito irregular, con momentos puntuais nos que si permite rexistrar permisos pero manténdose, na maior parte do tempo, en modo de erro.

Esta situación está a provocar un evidente e importante contratempo no sector. Deixándoo practicamente paralizado e incluso provocando que se teñan que duplicar gastos no caso de querer facer cortas en parcelas contiguas no caso de que nunha delas estea correctamente rexistrada a solicitude de corta e na outra non se poida xestionar vía Corweb.

Todo isto ante a falta de iniciativa da Xunta de Galiza para habilitar modos alternativos de realizar as solicitudes de corta e declaracións responsábeis mentres persista o erro. Até onde sabemos desde a Consellaría do Medio Rural téñense negado a emitir manualmente calquera tipo de “certificado” aludindo en todo caso ao problema de Catastro e remitindo a este organismo estatal aos profesionais e ás profesionais afectadas pola situación. Un certificado ou documento acreditativo emitido pola Consellaría permitiría que moitos propietarios entendesen por que os aserradeiros non poden cumprir cos prazos establecidos nos contratos con eles para talar a súa madeira, ao haber xa, neste momento, máis dunha semana de retraso no rexistro das solicitudes.

Ante unha situación de excepcionalidade como a actual, e ante os problemas que leva arrastrando o sector nos últimos meses por distintos motivos, sería perentorio que a Xunta de Galiza xestionase métodos alternativos para facer esas declaracións responsábeis, ben a través do modelo PR004A “Presentación electrónica de solicitudes,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado” ou incluso permitindo que as solicitudes se leven en papel e sexan rexistradas no Distrito correspondente.

Resulta sorprendente en todo caso a mala xestión que a Xunta de Galiza está a facer deste problema ao que non se está a poñer ningunha solución temporal facilitando outro procedemento para que poida continuar o traballo no sector en tanto en canto non se arranxa definitivamente o suposto problema con Catastro. Máis curioso é aínda que non se poida emitir algún tipo de certificado de paralización do servizo, como se ten emitido noutras ocasións, que permita aos madeiristas ter unha xustificación do retraso nos seus traballos.

Resulta ao tempo bastante factíbel o perigo de que se estean a realizar cortas ilegais nos montes de empresas que traballen sen permiso de corta por non funcionar correctamente ou non ter habilitado outro sistema en caso de fallo do CORWEB.

Dase ademais a circunstancia de que a día de hoxe, 10 días (como mínimo) despois do comezo da incidencia, non houbese ningunha comunicación oficial por parte da Consellaría aos Distritos que neste momento non teñen polo tanto coñecemento do problema por parte da Administración nin polo tanto contan cunha guía de accións a realizar.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

- A que se debe realmente a incidencia que está a rexistrar o CORWEB desde o pasado 27 de abril e que está a impedir facer rexistros de solicitudes de cortas e declaracións responsábeis para as mesmas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que accións está a tomar a Xunta de Galiza pra solucionar o problema?
- Habilitaron algunha medida temporal para evitar a paralización deste sector estratéxico para o noso país?
- Cales?
- Por que non habilitaron unha certificación temporal para que as empresas madeireiras poidan xustificar os atrasos nas cortas?
- Por que non se permitiu ás empresas durante este tempo empregar o modelo PR004A ou ben facendo as solicitudes en papel de forma presencial nos Distritos?
- A que se debe que a data 6 de maio algúns Distritos Forestais de Galiza non teñan comunicación oficial da problemática?
- Estiman que o sector da madeira en Galiza pode permitirse unha parada dos traballos por cuestións alleas á súa vontade e responsabilidade da Administración sen que se lles habilite ningunha solución máis que agardar?

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2022

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz,

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 09/05/2022 09:25:06

María del Carmen Aira Díaz na data 09/05/2022 09:25:09

Xosé Luis Rivas Cruz na data 09/05/2022 09:25:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, María González Albert e Alexandra Fernández Gómez, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, sobre a perspectiva de xénero e a formación en materia de igualdade nos medios de comunicación públicos de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Con motivo da condena por abuso sexual ao xogador do Celta, Santi Mina, no programa deportivo Zona Mixta desenvolveron unha ampla cobertura sobre o tema.

No día 5 de maio, o seguinte a coñecerse a sentenza condenatoria, levaron a cabo senllas entrevistas con Lola Lago (seareira integrante da peña Os Carcamáns e avogada) e con Pablo Viana (avogado asesor do Celta durante anos).

Lago abordou a condena como seguidora da equipa, como muller e como xurista. Expuxo a súa opinión como seareira e como muller e reflexionou tamén como coñecedora da lexislación aínda que puntualizou non ser laboralista.

Lola Lago dixo que non lle chegaba co que fixo o clube ao decidir abrir un expediente ao xogador e apartalo cautelarmente da equipa afirmando que non debería volver vestir a camisola do Celta. Así as cousas, como profesional e coñecedora das leis, dixo entender que o clube ten que tomar eses tempos porque, sinalou, a lexislación laboral non permite con sentenza non firme rescindir o contrato sen causar despedimento improcedente.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No decorrer do programa conectaron en directo coa sala de prensa do Celta onde tiña lugar unha comparecencia do xogador celtista Brais Méndez ao que preguntan pola sentenza condenatoria a catro anos de cadea contra o seu compañeiro por un delito de abusos sexuais. O xogador di que non vai responder a esas preguntas e que se centrará exclusivamente no deportivo.

A seguir, entrevistan a Pablo Viana, avogado do Celta durante anos, que falou como letrado e sempre desde a posición do xogador ao que tentou xustificar con declaracións como as que recolleemos a seguir:

“Santi Mina debeu chegar a un acordo por moitos miles que fagan falta” referíndose á contía económica que debera ter ofrecido á vítima do seu abuso sexual.

“Isto foi unha mala tarde, unha mala noite, unha mala borracheira, un erro. E polo outro lado hai xente que se aproveita de que enfronte ten a Santi Mina”, en referencia aos feitos condenados (abuso sexual) e á vítima dos mesmos.

Durante a entrevista non é repreguntado ou cuestionado polas súas afirmacións nas que criminaliza a muller e procura xustificar e exculpar o agresor. A conversa remata, por parte do entrevistador cun: “é a explicación que buscabamos, a dun avogado, un experto”.

O acontecido no programa radiofónico causou unha forte indignación nas redes sociais, no movemento feminista e en entidades profesionais que traballan pola inclusión da perspectiva de xénero nos medios de comunicación, como Xornalistas Galegas.

Para o G.P. do Bloque Nacionalista Galego o acontecido arredor do caso de Santi Mina debe instar o xornalismo en xeral mais moi especialmente os medios de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

comunicación públicos de Galiza a unha reflexión arredor do grao de formación que existe en materia de xénero e tratamento da violencia machista, os recursos dos que dispón o cadro de persoal para abordar casos como o de Mina ou de índole semellante.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión de control da CRTVG:

. Como valora a CRTVG o acontecido coa entrevista ao avogado Pablo Viana no programa Zona Mixta da Radio Galega?

. Que formación recibe e/ou de que recursos dispoñen as e os xornalistas da Radio Galega en materia de xénero e tratamento da violencia machista?

. E especificamente na área de Deportes?

. Cando vai aprobar a CRTVG o seu primeiro Plan de igualdade tal e como lle esixe a lexislación vixente desde hai máis dunha década?

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

María González Albert

Alexandra Fernández Gómez

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 09/05/2022 09:39:00

María González Albert na data 09/05/2022 09:39:08

Alexandra Fernández Gómez na data 09/05/2022 09:39:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Rosana Pérez Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, relativa ás medidas a tomar para garantir as infraestruturas situadas en dominio público portuario no concello de Cambados.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Dirección Xeral de Costas e do Mar, dependente do Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico, emitiu un informe en relación coa tramitación da reforma do Plan Especial de Ordenación do Porto Santo Tomé-Tragove en Cambados, preciso para poder realizar a remodelación e ampliación da praza de abastos, que fixo saltar a preocupación e a alarma polo que pode supor no ámbito social e económico do concello de Cambados, tanto para o sector mar-industria como para a veciñanza.

Cuestiona a continuidade rematado o período de concesión de determinadas edificacións deste concello asentadas en dominio público portuario, por, segundo a súa valoración, ser a súa localización incompatíbel coa vixente Lei de Costas. Entre as construcións están a praza de abastos, o centro de saúde, a estación de autobuses, depuradoras de marisco, ou establecementos comerciais.

Este informe pon en evidencia as consecuencias da aprobación do artigo 18 na Lei de Cambio Climático, que supuxo unha modificación da Lei de Costas no





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

referido á vixencia das concesións administrativas asentadas á beira do mar. Un artigo lesivo para os intereses sociais e económicos de Galiza, xa que afecta a toda unha serie de actividades do complexo mar-industria sustentábeis, respectuosas co medio ambiente e que xeran moita actividade económica e postos de traballo. Sectores pesqueiro e marisqueiro galegos, así como as actividades inducidas (depuradoras de marisco, cocedoiros, conserveiras, etc.), básicas para o mantemento deste sector produtivo.

Pon en evidencia as consecuencias de padecer unha lexislación centralista e uniformizadora, que cando legislan desde Madrid con criterios uniformes para todo o Estado, desde o descoñecemento, non tendo en conta as nosas particularidades e desde o menosprezo da nosa realidade os galegos e galegas saímos perdendo. As consecuencias de non termos todas as competencias en relación coa costa, nin co dominio público marítimo terrestre están á vista, competencias que o Partido Popular non demandou en 13 anos.

Tamén evidencia as diferentes interpretacións que se realizan desde o Goberno de Madrid, existen exemplos con terreos portuarios de titularidade de Portos do Estado, que se teñen modificado espazos e usos en favor de distintos concellos, como acaba de ocorrer en Vilagarcía.

Por outro lado este informe trae de novo á actualidade a demanda que desde fai anos leva realizando o BNG, de que amplos espazos que están baixo a competencia administrativa de Portos de Galiza, deben ser desafectados e pasar a competencia dos concellos, e polo tanto deixar de estar en Dominio Público Marítimo Terrestre, DPMT. Non teñen uso portuario e pola contra están totalmente inseridos na trama urbana e neles realízanse unha parte moi importante da actividade





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

colectiva da veciñanza. No caso de Cambados desde a Nave de Peña, praza de abastos, centro de saúde, estación de autobuses, parque infantil, Paseo da Calzada...

A continuidade e paso do tempo estabilizou unha situación que debiera ter sido resolta, pois realizase actividade urbana e cidadá en espazos que son titularidade doutra administración (Portos de Galiza) pero que non teñen utilización para tal fin, consolidando unha situación dual no que corresponde a fixación e cobro de taxas, responsabilidade da dotación de servizos, mantemento do estado das rúas, etc. Esta dicotomía está a prexudicar aos veciños e veciñas de Cambados, ao igual da práctica totalidade das vilas costeiras, que comprobamos como existe un certo abandono por parte de Portos de Galiza dos terreos que son da súa titularidade, impedindo pola súa parte unha correcta utilización por parte do Concello e da veciñanza. Hai que asumir abusivas tarifas que Portos de Galiza está a cobrar pola realización de actividades no espazo baixo a súa administración.

A desafectación destes terreos que, non sendo hoxe de titularidade municipal, están claramente integrados na dinámica urbana, suporía unha mellora para todas as entidades e, naturalmente, redundaría na mellora da calidade de vida dos veciños e veciñas de Cambados.

O BNG considera imprescindible que a Xunta exerza as súas competencias. Segundo o propio informe os terreos incluídos no Plan Especial de Ordenación do Porto Santo Tomé-Tragove, son bens de dominio público marítimo-terrestre transferidos e adscritos á Comunidade Autónoma de Galicia, baixo competencia de Portos de Galiza. Ten que actuar para que se recoñeza a capacidade de Galiza para decidir amplamente desde as institucións do país nas cuestións que nos competen. A asunción de todas as competencias esenciais para garantir capacidade de decisión





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

real e efectiva, para acadar un desenvolvemento económico sustentábel e benestar social.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

-Cal é a razón pola que a Xunta de Galiza non ten solicitado en 13 anos a totalidade das competencias en materia de costas e así ter instrumentos para protexer ao sector pesqueiro e marisqueiro galegos, así como as actividades inducidas (depuradoras de marisco, cocedoiros, conserveiras, etc.), básicas para o mantemento deste sector produtivo?

-Vai a Xunta reclamar do Goberno español, a transferencia a Galiza das competencias en materia de costas, tanto as normativas para aprobar unha lei galega de protección do litoral adaptada á realidade galega como as de intervención e xestión (autorizacións de instalacións na costa galega)?

-Considera que hai unha invasión de competencias de Galiza por parte do Estado, toda vez que o propio informe da Dirección Xeral de Costas e do Mar, dependente do Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico, establece que os terreos incluídos no Plan Especial de Ordenación do Porto Santo Tomé-Tragove, son bens de dominio público marítimo-terrestre transferidos e adscritos á Comunidade Autónoma de Galicia, baixo competencia de Portos de Galiza?

-De ser así vai exercer a Xunta de Galiza as súas competencias para garantir a aprobación sen máis demoras do Plan Especial de Ordenación do Porto Santo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tomé-Tragove que preserve as actividades produtivas sustentábeis vinculadas ao mar e as infraestruturas consolidadas na trama urbana que non teñen uso portuario?

-Ten intención de atender a petición aprobada polo pleno do concello de Cambados no ano 2016 solicitando a transferencia da titularidade dos espazos de dominio público portuario que non teñan uso portuario e están inseridos na trama urbana e teñen un papel fundamental na actividade da vila: Nave de Peña, praza de abastos, centro de saúde, estación de autobuses, parque infantil, Paseo da Calzada...?

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Rosana Pérez Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 09/05/2022 10:48:06

Rosana Pérez Fernández na data 09/05/2022 10:48:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Daniel Pérez López, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre as condicións laborais e salariais das traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 8 de maio tivo lugar unha mobilización das traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) convocada pola CIG para reclamar os dereitos laborais e salariais neste sector que:

1. Emprega por volta de 8.000 persoas en Galiza das que a inmensa maioría, o 95%, son mulleres.
2. Conta cun convenio colectivo sen negociar desde 2011 e cunha patronal que se dissolveu para impedir a súa renovación.
3. O convenio inclúe a actualización salarial conforme ao incremento do IPC o ano anterior (artigo 7º). Malia iso, as empresas non están a actualizar os salarios das traballadoras, de facto, das 250 empresas que operan no sector só 4 incrementou o 6,5% correspondente a 2021 as demais ou non subiron os salarios ou apenas reflectiron a metade do IPC.
4. O SAF constitúe un servizo esencial no actual modelo de coidados. Trátase do servizo con maior número de persoas usuarias, máis de 24 mil en toda Galiza. Neste





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

senso, malia estar financiado na súa maior parte pola Xunta de Galiza é de xestión municipal e na maior parte dos concellos está privatizado.

Tendo en conta esta situación desde o BNG cremos que:

a) A Xunta de Galiza debe implicarse de maneira decidida na defensa dos dereitos laborais das traballadoras que, independentemente do modelo de xestión do servizo, reciben grandes cantidades de diñeiro público por soste servizos. Así o manifestamos no caso das traballadoras das residencias e centros de día privados que recentemente mantiveron unha histórica folga.

Cómpre lembrar, neste senso, que o Servizo de Axuda no Fogar supón un investimento público de máis de 100 millóns de euros públicos en 2022 o que fai a administración pública, moi especialmente a Xunta de Galiza, responsábel do que acontece tanto coas persoas usuarias como coas traballadoras.

b) Un servizo esencial, base para garantir o dereito a unha vellez e a unha vida dignas, como é o SAF debe garantirse en condicións de universalidade e coas máximas garantías polo que resulta –logo de anos da súa implantación-- necesario repensalo para o adaptar ás novas necesidades, realidades e a un modelo de coidados integral que poña no centro as persoas (usuarias e traballadoras).

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

- . Como valora a Xunta de Galiza a situación das traballadoras do SAF?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Como valora o Goberno galego a actitude da patronal e a obstaculización da negociación dun novo convenio colectivo?

. Tomou ou pensa tomar algunha medida a Xunta de Galiza para facer valer os dereitos das traballadoras e mellorar as súas condicións laborais?

. Que papel creo o Goberno galego que debe cumprir o SAF no novo modelo de coidados?

. Pensa redeseñar algún aspecto do actual modelo do SAF?

. Cre que os concellos son a administración máis acaída para xestionar un servizo destas características?

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Daniel Pérez López

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 09/05/2022 12:02:58





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 09/05/2022 12:03:02



Á Mesa do Parlamento

Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, María Felisa Rodríguez Carrera, Noelia Pérez López e Ana Belén García Vidal, abeiro do disposto No artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral para o seu debate en comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**

O Programa Interreg VA España-Portugal (POCTEP) promove proxectos de cooperación transfronteiriza co apoio da Unión Europea. Ás veces se executan en toda a eurorrexión, pero sempre teñen que ter un impacto favorable para a area da fronteira.

Na actualidade a proposta final do novo POCTEP 2021-2027, que foi consensuada entre os gobernos español e portugués e as comunidades autónomas españolas e rexións portuguesas implicadas (Galicia, Castela e León, Extremadura, Andalucía en España e Norte, Centro, Alentexo e Algarve en Portugal), estase a tramitar no seo da Unión Europea para a súa aprobación definitiva. Coa Decisión de execución (UE) 2022/75 da Comisión de 17 de xaneiro de 2022, todo o territorio galego queda como elexible.

No novo POCTEP 21-27 introdúcense algunhas novidades en relación cos obxectivos políticos, territorialidade e áreas funcionais, fondos para pequenos proxectos e proxectos estratéxicos.

Polo anteriormente exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Comisión:

Cales son as expectativas da Xunta de Galicia en relación co novo Programa Interreg VA España- Portugal (POCTEP) 2021-2027?

Santiago de Compostela, 9 de maio 2022.

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 09/05/2022 13:21:21

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 519/20

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



María Sol Díaz Mouteira na data 09/05/2022 13:21:36

José Manuel Rey Varela na data 09/05/2022 13:21:53

María Felisa Rodríguez Carrera na data 09/05/2022 13:22:38

Ana Belén García Vidal na data 09/05/2022 13:22:51

Noelia Pérez López na data 09/05/2022 13:25:51

Paula Prado del Río na data 09/05/2022 13:26:11

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 519/20

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, María Felisa Rodríguez Carrera, Noelia Pérez López e Ana Belén García Vidal, abeiro do disposto No artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral para o seu debate en comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**

A Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia establece que a cooperación galega para o desenvolvemento articularase a través de plans directores cuadrienais e de plans anuais.

O IV Plan Director da Cooperación Galega 2018-2021 é o documento de planificación estratéxica e nel establécense os obxectivos e prioridades de actuación da cooperación galega para eses anos. O IV Plan Director foi aprobado pola Comisión 1ª do Parlamento de Galicia o 22 de xuño de 2018, tras recibir o informe favorable do Consello Galego de Cooperación e do Consello da Xunta de Galicia.

Polo que respecta aos plan anuais, o Consello da Xunta de Galicia aprobou o 11 de febreiro de 2021 o Plan Anual 2021 da Cooperación Galega para o Desenvolvemento, tras ter recibido o informe favorable do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (Congacode) na súa reunión do 27 de xaneiro.

Asemade, o director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea da Xunta de Galicia, Jesús Gamallo, compareceu o 7 de abril de 2021 ante a Comisión 1ª do Parlamento de Galicia para explicar as principais características e previsións do Plan anual 2021 da Cooperación Galega.

Polo anteriormente exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Comisión:

Que balance fai o goberno sobre o nivel de execución do Plan anual de 2021 Cooperación Galega?



Santiago de Compostela, 9 de maio 2022.

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 09/05/2022 13:18:22

José Manuel Rey Varela na data 09/05/2022 13:18:36

María Sol Díaz Mouteira na data 09/05/2022 13:19:27

María Felisa Rodríguez Carrera na data 09/05/2022 13:19:41

Ana Belén García Vidal na data 09/05/2022 13:19:51

Paula Prado del Río na data 09/05/2022 13:20:09

Noelia Pérez López na data 09/05/2022 13:20:25

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 519/20

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Diego Calvo Pouso, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Begoña Freire Vázquez e Rubén Lorenzo Gómez deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

Unha sentenza do Tribunal Supremo vén de darlle a razón ao Goberno galego e, en consecuencia, non terá que pagar a Audasa as bonificacións das peaxes en sombra de Rande e A Barcala correspondentes aos anos 2020 e 2021 que lle reclamaba. O alto tribunal considera que é o Goberno central o que ten que facelo.

A Xunta de Galicia, ante a reclamación feita pola concesionaria da AP-9, sempre sostivo que a Administración autonómica non tiña por que pagar as peaxes en sombra dunha autopista que é de titularidade estatal. Argumentaba para iso que en 2017 o Goberno central acordou asumir na súa totalidade o custo das peaxes en sobra de Rande e A Barcala.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulamos a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai o Goberno galego sobre a sentenza do Tribunal Supremo de Xustiza que desestima a reclamación feita pola empresa concesionaria da AP-9 sobre o pago das peaxes en sombra de Rande e A Barcala?

Santiago de Compostela, 9 de maio 2022.

Asinado dixitalmente por:

Diego Calvo Pouso na data 09/05/2022 13:45:50

Carmen María Pomar Tojo na data 09/05/2022 13:46:05

Ramón Carballo Páez na data 09/05/2022 13:46:22

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 519/20

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Freire Vázquez, María Begoña na data 09/05/2022 13:46:45

José Manuel Balseiro Orol na data 09/05/2022 13:46:58

María Sol Díaz Mouteira na data 09/05/2022 13:47:15

Rubén Lorenzo Gómez na data 09/05/2022 13:47:33

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 519/20

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 9 de abril de 2022 publicouse no BOE a lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para a economía circular. Esta norma traspón ao ordenamento xurídico do Estado español diferentes directivas comunitarias e introduce importantes novidades en relación coa normativa anterior en materias como

- Programas de prevención e plans e programas de xestión de residuos.
- Medidas e obxectivos na xestión de residuos.
- Xestión de residuos específicos como biorresiduos, aceites usados e residuos de construción e demolición.
- Responsabilidade ampliada do produtor.
- Redución do impacto de determinados residuos de plástico no medio ambiente.
- Medidas fiscais para incentivar a economía circular.
- Medidas de control, vixilancia, inspección e rexime sancionador.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nas disposicións adicionais tamén inclúe elementos novidosos en materia de xestión de determinados tipos de residuos, contratos reservados, e impostos autonómicos sobre depósitos de residuos en vertedoiros, incineración e co-incineración de residuos.

Todas estas cuestións, así como outras previstas nas disposicións transitorias e nos anexos, superan o marco normativo establecido na lei 6/2021 de residuos e solos contaminados de Galiza. Debe por conseguinte abrirse un proceso de participación cos diferentes sectores implicados e coas entidades locais para iniciar a revisión e actualización da lei galega.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. Que previsións ten o goberno galego en relación coa aplicación do previsto na lei estatal de residuos e a conseguinte actualización da lexislación galega?

. Ten previsto o goberno galego iniciar un proceso de participación cos sectores implicados e coas entidades locais para a revisión e actualización da lei galega de residuos e solos contaminados?

. Ten previsto o goberno galego presentar un informe no parlamento sobre o alcance, contido e previsións da actualización da citada lei?

. Que medidas ten previsto adoptar a Xunta en relación cos obxectivos de prevención de residuos?

. Que medidas ten previsto adoptar a Xunta en relación coas previsións de recollida separada de residuos?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- . Que medidas ten previsto adoptar a Xunta en relación cos plásticos?
- . Que previsións ten o goberno galego en relación con medidas fiscais para incentivar a economía circular?
- . Que previsións ten o goberno galego en materia de inspección, vixilancia e control?
- . Que previsións ten o goberno galego en relación coa implantación do sistema de depósito, devolución e retorno?

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Paulo Ríos Santomé

Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 09/05/2022 13:56:53

Paulo Ríos Santomé na data 09/05/2022 13:57:01

Alexandra Fernández Gómez na data 09/05/2022 13:57:09



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG**.

O pasado mércores cinco de maio A Radio Galega entrevistou no programa deportivo Zona Mixta ao avogado do futbolista Santi Mina condenado a catro anos de prisión acusado dun delito de abuso sexual. Na entrevista, o letrado Pablo Viana empregou xustificacións e argumentos absolutamente inadmisibles nun medio de comunicación.

A pesar de existir unha sentenza firme, permitíronse expresións nas que se cuestionou a vítima e se suaviza un delito tan grave con expresións como que foi “Isto foi unha mala tarde, unha mala noite, unha mala bebedeira, un erro. E polo outro lado hai xente que se aproveita de que enfrente teñen a Santi Mina”. Tras esas palabras o locutor non corrixe nin reproba o descrédito á vítima ou a defensa do condenado e máis remata apuntalando “é a explicación que buscabamos. Moitas grazas”.

No espazo se acusa a vítima de intereses económico “o xogador tiña que meditar a posibilidade dun acordo por moitos miles de euros que lle pediran”. Isto a pesar de que a sentenza recolle ademais dos feitos que da por probados que o condenado mentiu e tentou comprar o silencio da vítima por 400.000 euros. Na conversa tamén se suaviza a gravidade defendendo a continuidade como xogador e mesmo se amosa a preocupación polo reacción da afección á que se responsabiliza nunha afirmación novamente inadmisibile: “a xente debe reeducarse. Tes que respectar ao xogador que está a exercer a súa profesión. Se nos campos chámalle tal e tal pois iso terá que ser obxecto de sancións ao club que permita na súa bancada ese tipo de cánticos. Será cuestión do xogador decidir se pode xogar ou non con esa presión”.

Abordar un delito con sentenza xudicial por abusos sexuais con xuízos de valor e desprestixio cara á vítima e a defensa e lavado de cara do condenado non pode responder máis que a ausencia absoluta de sensibilidade, de perspectiva de xénero que unha vez máis se vén a poñer de manifesto nos medios públicos galegos.



Constantemente escoitamos dende a dirección xeral da CRTVG defender o seu forte compromiso coa igualdade pero dende o Grupo Socialista insistimos coa repetición de feitos deste tipo no absoluto desleixo que amosan ante estes episodios que nada teñen de illados.

O acontecido o mes de abril de 2021 no programa Land Rober, situación inadmisíbel en calquera contexto, pero moito máis nun programa dunha canle pública, que ademais de entreter ten entre as súas misións formar e educar en valores e entre as súas obrigas incorporar a perspectiva de xénero en todos os seus contidos, ficou sen maiores consecuencias e sen a adopción de medidas que evitasen a repetición de episodios de machismo nos programas da CRTVG. Tal é así, que poucos días despois dese episodio no programa Land Rober, no programa número 280 do ‘Quen anda aí? O 28 de abril de 2021 tivo lugar un faladoiro no que tal e como denunciámos dende o PSdeG tratamento frívolo arredor da violencia machista e de falla de respecto absoluto cara ás mulleres vítimas dela e mesmo cara a todas as mulleres.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Teñen tomado algunha medida ante o lavado de cara no programa Zona Mixta da Radio galega a un acusado de abusos sexuais como Santi Mina e o cuestionamento da vítima?
2. Considera axeitada a non reprobación por parte do locutor das afirmacións realizadas polo avogado?
3. Considera que a formación arredor da perspectiva de xénero e igualdade nos contidos á vista destes episodios é a desexable entre as e os profesionais da CRTVG?
4. Que noutros medios e sindicatos se reprobe e destaque o nefasto tratamento que en distintos espazos da CRTVG se da a delitos machistas lle parece aceptable?



5. Que medidas concretas teñen tomado para evitar a existencia de episodios machistas nos programas e contidos da CRTVG?

Pazo do Parlamento, 9 de maio do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Noa Díaz Varela
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2022 16:43:21
Nº Rexistro: 34669
Data envío: 09/05/2022 16:43:21.777

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 09/05/2022 16:32:33

Noa Susana Díaz Varela na data 09/05/2022 16:32:41

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-0FTI97Mnq-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Gonzalo Caballero Miguez, deputada e deputado pertencente ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral a Comisión 3ª.

Nos últimos trece anos os desequilibrios territoriais en Galicia non fixeron máis que aumentar cunha Galicia en marcha lenta e unha Galicia en marcha atrás.

Esta situación corresponde a todas as provincias galegas, pero se vemos os datos históricos publicados polo INE que comezan en 1971 comprobamos que a provincia de Ourense é a segunda provincia empezando pola cola que peor evolución demográfica tivo nos últimos cincuenta anos, cunha perda de case o 31 % da súa poboación, o que supón en cifras absolutas perder 136.054 habitantes, case a metade da súa poboación na actualidade; e no caso da provincia de Lugo a evolución foi parecida, cunha perda de case o 23 %, en cifras absolutas 96.756 habitantes.

Se estes datos son máis que preocupantes, as prospeccións elaboradas polo IGE nos advirten que, de seguir así, en 2035, é dicir en menos de 14 anos, perderemos case 165.000 habitantes, que é tanto como perder o 54 % da poboación actual da provincia de Ourense, e colocándonos no entorno dos 2,5 millón de habitantes.

Esta perda de poboación (datos IGE a 1 de xaneiro de 2022), xa de por si preocupante, debe alertarnos máis se analizamos a evolución por grupos de idade, con 276.750 persoas menos menores de 40 anos das que tiñamos no 2009 e cun 26,12 % maior de 64 anos, tendo na provincia de Ourense máis persoas pensionistas que persoas afiliadas á seguridade social.

As iniciativas anunciadas polo executivo galego pouca ou nula incidencia tiveron na reversión desta grave situación, en 2016 aprobouse neste Parlamento o Plan estratéxico 2015-2020 que colocaba o incremento do número de nacementos entre as súas prioridades, aprobouse un plan de revitalización demográfica que erraba na diagnose e non se comprometía coas políticas públicas necesarias, en 2017 aprobaron un documento elaborado pola Consellería do Medio Rural para fixar poboación no rural dotado con 230 millóns de euros procedentes de fondos europeos para cohesión territorial e mantemento da poboación e en febreiro de 2021 o Parlamento galego aproba a primeira Lei de impulso demográfico de Galicia.



Cinco anos despois da aprobación do dito Plan estratéxico 2015-2020 e un ano despois da aprobación da Lei de impulso demográfico de Galicia, a deputada e deputado que asinan formulan as seguintes preguntas.

1ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre as medidas adoptadas para reverter a perda de poboación nestes 13 anos de goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia? Ten feito a avaliación estratéxica correspondente? De tela feito, cales son as conclusións?

2ª) Que medidas vai tomar o Goberno galego neste exercicio 2022 para reverter esta situación?

3ª) Considera o Goberno galego que a perda e deterioro dos servizos públicos nos concellos máis rurais son unha causa determinante para o despoboamento no rural?

4ª) Considera o Goberno galego que na actualidade a maior parte do territorio galego ofrece servizos públicos de calidade e preto dos núcleos de poboación que permitan desenvolver ás persoas máis novas o seu proxecto vital?

5ª) Vai elaborar o Goberno galego un Plan de reequilibrio territorial? De ser afirmativo, Cando?

Pazo do Parlamento, 9 de maio de 2022

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 09/05/2022 17:19:23

Gonzalo Caballero Míguez na data 09/05/2022 17:19:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa aos danos ambientais provocados pola rotura da balsa dunha canteira no río Leira e o afundimento da OU-807.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na xornada do venres 6 de maio de 2022 as augas do río Leira baixaban negras. Case podería dicirse que a corrente arrastraba lama máis que auga. Facíao após a rotura dunha balsa que recollía os restos dunha explotación mineira xa clausurada.

A ladeira que sostén a estrada de San Vicente de Leira segue cedendo. En só 20 días asistimos a dous graves desprendementos na OU-0807, propiedade da Deputación de Ourense. O primeiro deles producíase na mañá do mércores 13 de abril. O segundo, na xornada do venres 6 de maio, debido á xa mencionada rotura dunha balsa dunha das canteiras que teñen operado na zona nos últimos anos, que provocou unha onda importante e provocou o desprendemento dun barranco que provocou, de rebote, o corte na estrada que une o Mazo co Robledo e que está a dar servizo aos veciños e veciñas deste núcleo que sofre importantes deficiencias de comunicación desde hai máis de 30 anos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este último feito agrava aínda máis a precaria situación das infraestruturas neste pobo de Vilamartín de Valdeorras. Así, aínda que o persoal técnico da Deputación de Ourense traballou desde a xornada seguinte na retirada do desprendemento para poder restabelecer o tránsito que deixara completamente incomunicada á veciñanza, desde o Concello alértase de que a calzada do Mazo ao Robledo vai quedar en malas condicións e deteriorada na zona do paso da auga. Isto supón unha situación complexa xa que vai haber que facer actuacións sobre a mesma e é a única vía de comunicación que ten San Vicente en funcionamento.

Este novo desprendemento provocou, ao tempo, cortes de auga na zona e supuxo un importante vertido de restos da explotación mineira á cunca do Leira. A importante riada composta na súa maior parte por lodos e materiais sólidos en suspensión causaron que non ficase ao seu paso nada de vida: nin troitas, nin pesca doutro tipo, nin reptís, nin anfibios, nin os niños que estaban pegados ao cauce do Leira sobreviviron.

Non é a primeira vez que a actividade louseira provoca problemas ambientais na contorna do Leira. En decembro de 2019 dúas canteiras foron condenadas polo Xulgado do Penal número 1 de Ourense por delicto medioambiental cando a actividade mineira destruíu o cauce do regato da Teixeira, afluente do Leira, ao longo dun quilómetro.

Agora, na situación actual, os restos do vertido baixaron até o Sil do que o Leira é afluente e se incorporaron á bacía deste río agravando a que xa de xeito estrutural é unha afección severa ás augas do río como consecuencia da extracción mineira.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Aínda que as competencias de cunca pertencen á Confederación Hidrográfica Miño-Sil cabe sinalar que a conservación dos leitos fluviais constitúe unha acción de especial transcendencia nun territorio que, como Galiza, está atravesado por múltiples ríos. Estes teñen como característica común a de constituír un recurso natural de primeira magnitude, tanto polo seu valor ecolóxico como polo seu valor económico, en tanto que son fonte de recursos para moitas familias e industrias.

Neste sentido a Directiva 2000/60/CE Marco da Auga, establece como obxectivo prioritario «evitar toda deterioración adicional das masas de auga...» así como «...recuperar gradualmente o bo estado ecolóxico das masas de auga».

É por este motivo que consideramos fundamental que a Xunta de Galiza actúe con prontitude para garantir que, ante o importante vertido que tivo lugar a semana pasada, as administracións competentes tomen as medidas necesarias no sentido de rexenerar o cauce, establecer cal foi o grao de afección sobre a fauna da zona, garantir a calidade da auga potábel, tomar as medidas punitivas que sexan precisas e evitar que se volvan dar casos similares.

Por todo o anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- A que se debeu o colapso desta balsa?
- Que medidas inmediatas se teñen tomado desde a Xunta de Galiza para analizar o composto do vertido no río Leira e as súas consecuencias sobre as augas, a flora e a fauna?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que medidas correctoras se teñen tomado?
- Teñen exixido á Confederación Hidrográfica Miño-Sil que tome medidas no ámbito das súas competencias?
- Cal foi a resposta?
- Teñen incoado algún expediente sancionador por parte da Xunta de Galiza? De que tipo?
- Que seguimento se está a facer por parte da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación así como pola Consellaría do Medio Ambiente, Territorio e Vivenda das balsas de depósito das canteiras situadas nesa zona tanto as que están en funcionamento como as xa clausuradas?
- No que ten a ver coa situación da OU-0807, teñen tomado medidas para que a Deputación de Ourense, propietaria do vial, deixe de dar evasivas ao problema e resolva estas case tres décadas de illamento da parroquia de San Vicente de Leira?

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2022

Asdo.: **María González Albert**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 09/05/2022 17:49:58

Xosé Luis Bará Torres na data 09/05/2022 17:50:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de febreiro, o Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, Román Rodríguez, acompañado doutros membros do goberno da Xunta, presentou o Foro Proxectos culturais e fondos europeos, como un encontro no que se establecer vías de traballo e diálogo cos sectores culturais para canalizar o reparto dos fondos Next Generation.

Co obxectivo de captar fondos europeos para investir na transformación e reconstrución dos sectores culturais galegos, a Consellería anunciaba estar a traballar en 8 proxectos de carácter cultural e lingüístico, xa enviados ao goberno estatal: Cultura Circular, Cultura Emerxente, Museo + , A nosa pegada, Confíns dos verdes castros, Ribeira Sacra, Stellae 5.0, Proxecto Nós.

Neste primeiro encontro de presentación, o Conselleiro convidou os asistentes a presentar propostas nesta “apertura dun proceso participativo para completar, mellorar e enriquecer esta batería de proxectos, que deben ser punto de partida para o deseño definitivo dos proxectos que se poidan presentar aos fondos”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A metodoloxía proposta consistiría na creación de oito grupos de traballo distribuídos en Audiovisual, Artes Escénicas, Libro, Música, Institucións culturais (bibliotecas, fundacións culturais, arquivos e museos), Artes Visuais, Patrimonio Cultural e Lingua.

Para a cronoloxía do proceso de participación fixouse un calendario de xuntanzas entre os meses de febreiro e abril, que concluirían coa elaboración dun documento final con diferentes proxectos consensuados que serían enviados ao Goberno do Estado.

Rematado o proceso de participación e ante a falta de información sobre o seu resultado aos diferentes sectores culturais que teñen achegado propostas e proxectos, así como do estado de elaboración e tramitación do Foro Proxectos culturais e fondos europeos, formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Que valoración fai a Xunta do Foro Proxectos culturais e fondos europeos?
- Que entidades foron convocadas a participar no Foro Proxectos culturais e fondos europeos?
- Que entidades participaron nas reunións dos oito grupos de traballo?
- Cantas presentaron proxectos nos diferentes grupos?
- Cales se incorporarían ao proxecto definitivo que a Xunta tramitaría ao Goberno do Estado?
- Que comisión técnica e con que criterios se valoraron as propostas presentadas?
- En que estado se encontra o Foro Proxectos culturais e fondos europeos?
- Que cronoloxía está a barallar a Xunta na súa tramitación ao goberno estatal?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Valora o goberno galego que se trata de proxectos culturais importantes para o impulso e reactivación da cultura galega?

- Asume o goberno da Xunta o compromiso de execución dos proxectos presentados ao Foro Proxectos culturais e fondos europeos, independentemente do resultado da súa tramitación ante o goberno central para acceder aos fondos Next Generation?

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 09/05/2022 18:40:14

Daniel Castro García na data 09/05/2022 18:40:25

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 09/05/2022 18:40:35



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

Segundo o Ditame da Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais, na súa medida 59 recomenda recuperar o uso das queimas controladas fóra do período de máximo risco para a redución do combustible acumulado no monte.

Para tal efecto, indican que impulsaranse programas de lume controlado polos distritos forestais en colaboración coa poboación das zonas afectadas.

Ademais recoméndase regular de forma detallada as normas técnicas e funcionais para a realización de queimas agrícolas e forestais, axilizando o procedemento para autorización daquelas.

Non podemos obviar que en relación a esta actuación as Directrices para a redacción do Anteproxecto de Lei de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia, sinalan que se debe contemplar unha planificación anual de queimas prescritas a nivel de distrito forestal. Esta planificación, vencellada coa planificación preventiva anual a esa escala, debe atender a aspectos preventivos, risco de posibles lumes de alta intensidade, histórico de incendios, vulnerabilidade á erosión causada tras un incendio, dificultade de execución, superficie a tratar, finalidade de mantemento de ecosistemas, etc.

A nova lei, segundo entende este grupo parlamentario, debe mellorar a cobertura legal e apoio administrativo fronte á responsabilidade derivada de posibles escapes do lume que poidan causar dano a bens e persoas. Complementariamente, débese mellorar a formación, a dispoñibilidade de medios para esa función e a determinación das fiestras de prescrición.

Débese tamén contemplar o uso axeitado de queimas prescritas en determinados hábitats para favorecer a súa rexeneración e conservación (por exemplo matogueiras da Rede Natura) especificando claramente as características destes ecosistemas.



É necesaria a existencia dunha normativa ou instrucións técnicas específicas sobre o emprego de queimas prescritas.

Débese analizar as queimas prescritas como ferramenta preventiva na xestión do combustible. Sendo básico fomentar estratexias de xestión alternativas ás queimas como a compostaxe ou a trituración para restos forestais, agrícolas e de xardinaría.

Analizando a normativa actual sobre as queimas controladas e a actuación da Administración galega, é necesario resaltar a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia que fixa no seu artigo 35 o seguinte:

Artigo 35. Autorización de queimas controladas:

1. No caso en que sexa preciso, por razóns de idoneidade técnica, realizar o control da biomasa forestal por medio de queimas controladas, será necesaria a autorización da consellería competente en materia forestal, para o cal se terán en conta os riscos derivados da vulnerabilidade do terreo en relación coa erosión, pendente e superficie a queimar.
2. A realización de queimas controladas en terreos agrícolas e forestais e zonas de influencia forestal solo será permitida, nos termos que se establezan regulamentariamente, previa autorización expresa e coa presenza de persoal técnico autorizado para a xestión de queimas controladas e con equipos de extinción de incendios. As autorizacións a que se refire este apartado serán outorgadas pola consellería competente en materia forestal.
3. Sen acompañamento técnico adecuado, a queima controlada será considerada como lume intencionado, aos efectos da gradación da sanción que poida corresponder.
4. A realización de queimas controladas solo estará permitida fóra da época de perigo alto e cando o índice de risco diario de incendio forestal sexa baixo o moderado.
5. As queimas controladas só poderán realizarse de acordo coas normas técnicas e funcionais que se definirán regulamentariamente por orde da consellería competente en materia forestal.



6. Así mesmo, en caso de que as queimas controladas se desenrolasen en terreos cualificados como espazos naturais protexidos, segundo a normativa sectorial de aplicación, será necesario o informe previo da consellería competente en materia de conservación da natureza.

E no Decreto 140/2021, do 30 de setembro, polo que se aproba a primeira revisión do plan forestal de Galicia a 2021-2040, cara a neutralidade carbónica, no seu Eixo IV. Recursos Forestais e cadea Monte -Industria indícase:

IV.1. FOMENTO DE RECURSOS FORESTAIS NON MADEIREIROS

IV.1.1. Programa de aproveitamento de pastos e forraxes en monte e de establecemento de sistemas silvopastoriles. Apoio e seguimento dos aproveitamentos promovendo as rozas ou recuperando as queimas controladas, sempre evitando os períodos de máximo risco de incendio.

En relación o anteriormente exposto existe para este grupo parlamentario dende o ano 2009 unha inoperatividade regulamentaria sen que a Xunta de Galicia procedera a publicación ata o momento do regulamento para a realización de queimas prescritas ou controladas.

Nin se coñecen os criterios que a Consellería de Medio Rural segue na actualidade para facer estas actuacións, pois a sociedade galega non entende como se prohiben facer queimas de restos agrícolas ou forestais, e o Goberno galego segue facendo queimas que en máis de unha ocasión se converten en incendios forestais por as condicións climáticas nas que se executan.

Sabedores de que na primavera é a época de reprodución de moitas especies de fauna non se explica como se fan as referidas queimas en zonas cualificadas como espazos naturais protexidos.

Tampouco se coñecen as limitacións establecidas por esta Consellería como pode ser no caso dos aguiluchos cenizos e pálidos que comezan as súas primeiras postas a mediados de abril en zonas de matogueira baixa, ambas catalogados como “vulnerables” aínda que cos seus respectivos plans de conservación abandonados nalgún caixón da Xunta de Galicia dende hai anos.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:



1. Por que escolle a Consellería de Medio Rural a realización de queimas controladas en zonas onde sería viable a roza por medios mecánicos?
2. Cales son os custos reais por hectárea das queimas controladas realizadas pola Consellería de Medio Rural, con inclusión de persoal e maquinaria empregada? E cal sería o custo si se fai exclusivamente de forma mecanizada?
3. Tense en conta para a realización de queimas controladas o cambio climático cun número cada vez maior de episodios de precipitación extremos, que supoñen arrastres con enormes perdas de chan nas zonas queimadas?
4. Que porcentaxe das queimas controladas acabaron converténdose en incendios ao perderse o control sobre o lume nos últimos dez anos?
5. En caso de producirse un incendio forestal, están os medios empregados dispoñibles para actuar en extinción ou se atopan inmovilizados pola realización da queima?
6. Debido ao cambio climático, tense en conta, pola Xunta de Galicia, a alteración da fenoloxía de animais e plantas, cos adiantos das épocas de reprodución que se están producindo nas autorizacións de queimas prescritas?

Pazo do Parlamento, 9 de maio do 2022

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta

Martín Seco García

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 10/05/2022 09:26:44

Martín Seco García na data 10/05/2022 09:26:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Carmen Aira Díaz e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre os motivos que levaron á non convocatoria en 2022 de axudas específicas para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes en Montes Veciñais e SOFOR.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellaría do Medio Rural leva varios meses facendo bandeira do seu suposto interese pola prevención ante os incendios forestais no que ten significado unha mudanza, cando menos, das súas políticas de comunicación que nos últimos anos centraban, ao igual que o orzamento do departamento, máis na extinción de lumes.

Sen embargo, a pouco que rascamos un pouco preocupa ver como ese cambio de política comunicativa semella ficar aí e non se ten trasladado a un cambio significativo de formas de traballar por parte do departamento que ten as máximas responsabilidades en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais.

Desta afirmación poderíamos poñer moitos exemplos mais querémonos centrar nos motivos que levaron á Consellaría do Medio Rural a non convocar neste ano 2022 a liña de subvencións “para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes en montes veciñais en man común e en sociedades de fomento forestal (Sofor), cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

(PDR) de Galiza 2014-2020, e se convocan para o ano 2021” que se tramitaban mediante os códigos de procedemento MR651A e MR651B.

Este feito provocou as críticas do sector que remarcaba que habitualmente esa liña de axudas saía entre xaneiro e febreiro, o que xa era demasiado tarde porque, entre presentar a información e as alegacións, as axudas non chegaban até agosto ou setembro, cando xa pasou a época de maior risco.

Este ano, pese a estar vivindo unha das primaveras máis secas dos últimos tempos, non se convocaron esas axudas. O Diario Oficial de Galiza si que publicou, en cambio, a orde do 31 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para accións silvícolas de prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e para o incremento da capacidade de adaptación e do valor ambiental dos ecosistemas forestais, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galiza 2014-2020, e se convocaban para o ano 2022.

Representantes da Consellaría afirmaron en medios de comunicación que esta liña de axudas publicada no DOG o 24 de febreiro era equivalente á de anos anteriores e que ademais se ampliou o prazo para que tantos comuneiros como particulares opten a elas.

A realidade é que o departamento de Medio Rural borrou de golpe unha liña de subvención que era prioritaria para os montes veciñais en man común deste país; unhas entidades que, na maior parte dos casos, non poden asumir en solitario os custos de prevención e que representan un beneficio para toda a sociedade.

Semella evidente pois o desleixo da administración galega se nos centramos na carencia de axudas específicas para prevención e defensa contra os lumes forestais que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

en anos anteriores se baseaban en dúas cuestións tan importantes como a propia redución da biomasa forestal como na axuda para a algo tan fundamental como a instalación de puntos de abastecemento de auga.

Pola contra, a orde publicada no DOG do 24 de febreiro está centrada en accións silvícolas como “rozas, desmestas, rareos ou podas” e, incluso, “plantacións puntuais de determinadas árbores”.

Tanto o fondo como a forma e polo tanto os obxectivos e os destinatarios de ambas liñas de axudas son, como se pode ver, ben diferentes.

Esta irresponsable relaxación da Consellería pode traer consecuencias catastróficas para os montes galegos e instan ao goberno galego a adoptar medidas inmediatas e corrixir a perigosa deriva que é importante reverter o antes posíbel.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

- A que se debe que este ano a Consellaría do Medio Rural non afrontase unha liña de subvención específica para a prevención de danos por incendios, desastres naturais e catástrofes en montes veciñais en man común e en sociedades de fomento forestal (SOFOR)?

- Había orzamento suficiente dentro do PDR en vigor para poñela en marcha?

- Consideran que non era prioritario este ano afrontar labores de redución de biomasa forestal e creación de puntos de auga nos Montes Veciñais?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Como se resolveu a última convocatoria desta liña de axudas publicada en 2021?

- Estiman que nun ano de inverno e primavera secos como o que estamos a vivir o feito de non ter publicado esta liña de axudas pode ter algunha repercusión na campaña de incendios?

- Pensan modificar as súas políticas neste sentido?

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2022

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz,

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 10/05/2022 09:53:47

María del Carmen Aira Díaz na data 10/05/2022 09:53:51

Xosé Luis Rivas Cruz na data 10/05/2022 09:54:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Mercedes Queixas Zas e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre as necesidades educativas do concello de Burela e da comarca da Mariña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como é ben sabido no curso 2022/2023 levarase a cabo a implantación nos centros educativos da Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro de Educación, pola que se reestruturan as ensinanzas de Bacharelato. Esta nova reestruturación traerá consigo varias consecuencias, pero se nos centramos na comarca da Mariña veremos como a nova modalidade de Bacharelato Xeral non será implantada en Réxime Ordinario no IES Monte Castelo de Burela.

Esta noticia, ademais de supoñer unha perda da oferta educativa para o concello de Burela e a comarca da Mariña, vai en contra do sentido común por diferentes razóns:

En primeiro lugar, o Bacharelato Xeral constitúese como a opción de elección máis aberta e, polo tanto, a máis axeitada ó perfil de alumnado adulto que, en numerosas ocasións, aspira exclusivamente a obter unha titulación de Bacharelato, ou ben, non ten claro cara a onde orientar o seu futuro académico.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En segundo lugar, a diversidade xeográfica, cultural e socioeconómica que caracteriza a poboación burelesa exige unha resposta ampla, flexible e integral ás súas demandas formativas.

Alén disto, Burela e, por extensión, o IES Monte Castelo, sitúase no centro xeográfico da Mariña, polo que esta localización estratéxica propicia a incorporación de alumnado tanto da zona occidental como oriental da comarca.

Por último, fronte á tendencia á baixa que está a sufrir a matrícula en ensinanzas para persoas adultas nos outros concellos da Mariña nos que están ou estaban implantadas, no caso de Burela estase a experimentar un incremento de matrícula.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

- Está disposta a Xunta de Galiza a levar a cabo as operacións necesarias para ofrecer o Bacharelato Xeral semipresencial para persoas adultas no IES Monte Castelo, en Burela?

- Vai a Xunta de Galiza cofinanciar a Aula Mentor no colectivo de desempregados?

-Vai a Xunta de Galiza axudar ao equipo do IES Monte do Castelo e ao Concello de Burela a Axudar na divulgación doutros programas de aprendizaxe como CUALE, a Sección da EOI ou a Sede para a realización dos exames de ESO e Bacharelato a distancia do IES San Clemente?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2022

Asdo.: **Daniel Castro García**

Mercedes Queixas Zas

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 10/05/2022 10:15:31

Mercedes Queixas Zas na data 10/05/2022 10:15:34

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 10/05/2022 10:15:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños, María González Albert, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a suspensión de intervencións nos días da folga sanitaria na área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pasado mes de abril de 2022 o persoal do distrito sanitario de Ourense realizou varias xornadas de folga en protesta pola nefasta xestión da sanidade pública da provincia e na defensa das condicións laborais das traballadoras, convocatoria que foi preceptivamente comunicada pola Xunta de Persoal da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras á Administración sanitaria.

A pesares de que a Administración sanitaria coñecía a convocatoria dos paros non consta se realizase previsión ou reorganización das citas programadas e que podían verse atinxidas polos paros anunciados pola Xunta de Persoal. Así, o día anterior aos paros dende o Servizo Galego de Saúde procedeuse á citación telefónica de pacientes para a realización de intervencións cirúrxicas o día en que estaba anunciada a folga. A práctica da intervención cirúrxica implicaba non só a mobilización do paciente -ao que se lle informaba só cunhas horas de antelación – así como ao persoal que encargado de realizar as análises covid. Resulta sorprendente que o anuncio de convocatoria da folga





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de persoal servise para a axilización da listas de agarda cirúrxicas para practicar as intervencións os días anunciados para os paros.

Igualmente sorprendente resultou a ausencia de aviso aos pacientes citados e que nalgúns casos fose n avisados tras agardas no propio hospital pola práctica da intervención, mesmo despois de varias horas de agarda pola intervención. Tamén foi elocuente da ausencia da máis mínima planificación das citas e da consideración coas usuarias da sanidade pública que os pacientes aos que non se cancelaba as intervención “in situ” tivesen que agardar horas pola realización da intervención programada.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

. Informou a Xunta de Persoal da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras da convocatoria dunha folga no mes de abril?

. Con que antelación?

. Alterou a convocatoria e posterior celebración da folga das traballadoras da sanidade pública a programación de citas, nomeadamente para a práctica de cirurxía menor?

. Canceláronse intervencións o propio día en que estaban programadas e coa paciente xa desprazada ao centro hospitalario?

. Cantas e en que servizos?

. Non era posíbel avisar á paciente con antelación para evitar o seu desprazamento e agarda?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que atraso sufriron as intervencións cirúrxicas programadas para o propio día sinalado para a folga?

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

María González Albert

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 10/05/2022 11:26:28

Noa Presas Bergantiños na data 10/05/2022 11:26:44

María González Albert na data 10/05/2022 11:26:55

María Montserrat Prado Cores na data 10/05/2022 11:27:05





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 10/05/2022 11:27:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, Daniel Pérez López e Carme González Iglesias, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre as medidas que debe tomar a Xunta para o impulso industrial de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O INE ven de facer pública a Taxa de variación anual da produción industrial do mes de marzo que constata a grave crise industrial que padece Galiza, xa que cae 10 puntos respecto do mesmo mes do ano anterior. A peor taxa de todo o estado español, que no conxunto medra 1,1 puntos.

Este non e máis que outro indicador que deixa en evidencia a falta dunha política industrial do goberno do Partido Popular, xa que tamén recentemente vimos de coñecer que a industria é a única excepción ao descenso xeral do desemprego rexistrado no mes de abril (na industria aumentou 0,26%), por non falar dos datos de ocupación do ano 2021, que rexistran unha caída no sector industrial do 4,8% respecto do ano 2019 (antes da pandemia), o que significa 8.700 empregos destruídos.

Entre os diferentes problemas que están lastrando a tan desexada reactivación económica destaca a caída do investimento, un -4,1% no último trimestre do 2021, que resulta xa unha constante desde o ano 2019 segundo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

apunta o último informe de conxuntura do Foro económico de Galiza, que se atopa a 10,5 puntos do nivel precrise, mentres que no estado español o investimento no mesmo período foi positivo (6,7%), achegándose a 1,8 do nivel precrise.

A respecto da importancia deste problema, o profesor de Economía Aplicada na Universidade de Santiago de Compostela (USC), Edelmiro López Iglesias, apuntaba tamén recentemente nun artigo de análise da situación económica que “na última década a economía galega vén mantendo unha baixa taxa de investimento, inferior á media española e da Unión Europea. Este dato di moitas cousas: debilidade da iniciativa privada, limitada confianza do empresariado nas políticas aplicadas e no futuro do País, ausencia dun impulso do investimento público. Con esas taxas de investimento dificilmente Galiza pode afrontar os retos que sempre se mencionan: reindustrialización, innovación, dixitalización, transición ecolóxica...”

Unha análise confirmada por estes datos que vimos de coñecer, así como polo índice de confianza empresarial do 1º trimestre do 2022 publicado polo INE, que baixa 4 puntos no conxunto do estado, mentres que aquí na Galiza baixa un 6,6% respecto do 4º trimestre do 2021.

Datos e opinións que abundan nas denuncias por exemplo da federación de industria da CIG, que o pasado día 5 de abril se manifestaba en Compostela pola falta de políticas públicas en defensa do emprego no sector industrial.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A que se debe segundo a Xunta de Galiza a caída do taxa anual de produción industrial?

A que se debe segundo a Xunta de Galiza a caída da ocupación no sector industrial do ano 2021 respecto do ano 2019?

A que se debe segundo a Xunta de Galiza o baixo nivel de investimento da economía galega? Que ten pensado facer para corrixir esta situación?

Que opinión ten a Xunta de Galiza sobre os datos da baixa demanda interna da nosa economía?

Considera a Xunta de Galiza que a nosa economía é excesivamente dependente do mercado exterior?

Que medidas considera a Xunta de Galiza que sería necesario tomar para reactivar a industria na Galiza?

Por que a Xunta de Galiza ven refugando reiteradamente a posibilidade de chegar a un pacto de país sobre certas medidas estratéxicas?

Non considera a Xunta de Galiza que esta negativa a forxar pactos de país debilita a nosa posición no escenario estatal de acceso aos fondos Next Generation?

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2022

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Daniel Pérez López





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Carme González Iglesias
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 10/05/2022 11:40:21

Daniel Pérez López na data 10/05/2022 11:40:37

María do Carme González Iglesias na data 10/05/2022 11:40:46



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Marina Ortega Otero e Martín Seco García, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

O ano 2022 como ano Xacobeo espérase que Galicia reciba gran afluencia de peregrinos e peregrinas. A imaxe que debemos dar cara ese turismo debería ser mellor. Eses turistas vanse aloxar en albergues, moitos dos cales teñen as instalacións con moitas deficiencias e incluso non son accesibles.

A rede pública de albergues do Camiño de Santiago naceu en 1993 e ten a día de hoxe 74 centros en toda a nosa Comunidade Autónoma. A antigüidade dalgúns destes albergues de peregrinos fai necesarios investimentos significativos para a súa adecuación a todos os turistas que visitan a nosa terra, máximo cando estamos en ano Xacobeo. Son moitos os albergues públicos que pertencen á Xunta de Galicia que necesitan melloras nas súas instalacións.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista creemos que a Axencia de Turismo de Galicia debe revisar e adaptar todos os albergues públicos da nosa comunidade para que sexan accesibles e practicables, para non discriminar ás persoas con mobilidade reducida. Os albergues públicos teñen que ser un espazo de integración de tódalas persoas.

Nos orzamentos da Xunta de Galicia para o 2022 están consignado 7.642.394 euros para a mellora de albergues do Camiño de Santiago. Con este orzamento o Goberno autonómico debería adaptar tódolos albergues públicos de Galicia, para que poidan ser empregados en condicións de igualdade e de autonomía por todo tipo de peregrinos e peregrinas e así lograríase un Camiño de Santiago inclusivo en todas as súas variantes.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai o Goberno galego a elaborar un plan de accesibilidade dos albergues de peregrinos públicos galegos, para detectar cales non son accesibles e practicables, coa colaboración do tecido asociativo de persoas con discapacidade?



2. Ten pensado a Xunta de Galicia adaptar os albergues de peregrinos da rede pública que non sexan accesibles e practicables, para que todos os peregrinos e peregrinas poidan realizar o Camiño de Santiago en calquera das súas variantes?

Pazo do Parlamento, 9 de maio do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Marina Ortega Otero
Martín Seco García
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 10/05/2022 13:34:08

Marina Ortega Otero na data 10/05/2022 13:34:15

Martín Seco García na data 10/05/2022 13:34:24



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

Os perímetros de alto risco defínense na Lei 7/2022, do 8 de abril, indicando que teñen carácter non permanente e son aqueles lugares en que o estado de abandono signifique un alto risco de propagación de incendios forestais, contando cos oportunos informes previos.

A resolución conterà, ademais da descrición do perímetro, as medidas de xestión da biomasa que se terán que levar a cabo para a prevención de incendios forestais.

Os traballos planificaranse en marxes de pistas, en áreas cortafuegos e noutras actuacións encamiñadas a romper a continuidade dos combustibles forestais, actuando sobre a biomasa tanto por medios manuais como mecánicos ou mediante queimas controladas.

Dita resolución publicarase no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial do Estado e no taboleiro de anuncios do concello en que estea radicado.

A Consellería de Medio Rural incumpre a obriga establecida no anterior artigo en relación o establecemento dos perímetros de alto risco que deberían de reflectirse nos Pladigas anuais, expoñendo por unha parte os perímetros nos que se actuou de forma manual ou mecánica ou naqueles outros que se fixeron mediante queimas prescritas.

A maior abundancia non se publicou nin no DOG nin no BOE, resolución algunha do director xeral de Defensa do Monte en relación o establecemento de perímetros de alto risco de incendios.

Polo momento non se sabe nada si se tiveron en conta o mapa de riscos de incendios para a inversión que anunciou o presidente da Xunta de Galicia en funcións na posta en marcha do Plan de prevención de incendios que, dotado con máis de 33 millóns de euros, actuará en máis de 58.000 hectáreas e en case 5.800 quilómetros de pistas; ademais de levar a cabo a construción de máis de 110



novos puntos de auga e a mellora dos 4.750 existentes, segundo afirmaba o 5 de maio de 2022.

Non podemos concluír esta iniciativa sen reivindicar a publicación do Pladiga correspondente o ano 2022, documento que ten como obxecto reflexar as políticas e medidas para a prevención e defensa dos terreos forestais, así como a organización e o procedemento de actuación para facer fronte aos incendios forestais.

Atopámonos en maio do 2022, cunhas condicións climáticas preocupantes e a Consellería de Medio Rural parece atascada en programas sen contido, que venden a bombo e platillo, e sen embargo deberes tan básicos coma a publicación do Pladiga, a actualización de méritos do persoal, así como os convenios de brigadas municipais sen ofertar aos concellos.

Polo exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cando se vai a publicar o Plan de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia (Pladiga) do ano 2022?
2. Que procedementos segue a Dirección Xeral de Defensa do Monte en relación o establecemento de perímetros de alto risco de incendios?
3. Cales foron os motivos polos que non se publicou a resolución preceptiva da Dirección Xeral de Defensa do Monte en relación o establecemento de perímetros de alto risco?

Pazo do Parlamento, 10 de maio do 2022

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Martín Seco García
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 10/05/2022 13:29:28

Martín Seco García na data 10/05/2022 13:29:39



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

A directora xeral de Turismo de Galicia compareceu o pasado mes de marzo na Comisión 6.^a; Industria, Enerxía, Comercio e Turismo do Parlamento para informar dos avances na execución do Plan Director Galicia Destino Seguro 2021-2023, que suporá un investimento total de 478 millóns.

A maior parte do orzamento, segundo explicou a directora de Turismo, destinouse a plans de rescate e liñas de axuda implantados no marco do Plan de choque turístico de Galicia, dotado con 35,7 millóns de euros, así como a outros programas e medidas de carácter transversal e multisectorial que permitiron levar a cabo realizar actuacións que contribuíron a garantir e mellorar a situación do tecido turístico galego.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que a información ofrecida nesta Comisión foi escasa polo que demandamos maior información dos orzamentos de 2021 de cada liña estratéxica recollidos no Plan Director Galicia Destino Seguro 2021-2023.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é a porcentaxe de execución da liña estratéxica Galicia destino seguro e de saúde cun orzamento de 33.660.509 euros para 2021, segundo recolle o Plan Director Galicia Destino Seguro 2021-2023? Cal foi o destino deste orzamento?
2. Cal é a porcentaxe de execución da liña estratéxica *Apoio ao tecido empresarial* cun orzamento de 143.670.186 euros para 2021, segundo recolle o Plan Director Galicia Destino Seguro 2021-2023? Cal foi o destino deste orzamento?
3. Cal é a porcentaxe de execución da liña estratéxica *Territorio e recursos turísticos* cun orzamento de 25.328.699 euros para 2021, segundo recolle o Plan Director Galicia Destino Seguro 2021-2023? Cal foi o destino deste orzamento?



4. Cal é a porcentaxe de execución da liña estratéxica *Promoción, comercialización e marketing turísticos* cun orzamento de 42.980.602 euros para 2021, segundo recolle o *Plan Director Galicia Destino Seguro 2021-2023*? Cal foi o destino deste orzamento?
5. Cal é a porcentaxe de execución da liña estratéxica *Innovación e tecnoloxía* cun orzamento de 4.702.169 euros para 2021, segundo recolle o *Plan Director Galicia Destino Seguro 2021-2023*? Cal foi o destino deste orzamento?
6. Cal é a porcentaxe de execución da liña estratéxica *Sustentabilidade 360º* cun orzamento de 6.400.202 euros para 2021, segundo recolle o *Plan Director Galicia Destino Seguro 2021-2023*? Cal foi o destino deste orzamento?
7. Cal é a porcentaxe de execución da liña estratéxica *Gobernanza e política turística* cun orzamento de 4 millóns de euros para 2021, segundo recolle o *Plan Director Galicia Destino Seguro 2021-2023*? Cal foi o destino deste orzamento?

Pazo do Parlamento, 10 de maio do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Martín Seco García

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 10/05/2022 13:39:22

Martín Seco García na data 10/05/2022 13:39:32



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela Rodríguez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

Son numerosos os retos aos que se está a enfrontar o sector pesqueiro, marisqueiro, acuícola e, en xeral, toda a cadea mar industria galegos: cambio climático, TAC e cotas, eficiencia enerxética, negociacións e lexislación comunitarias, ameaza de perda das bonificacións fiscais ao gasóleo pesqueiro. e agora tamén a suba indiscriminada dos prezos dos combustibles e das materias primas, agravadas pola invasión de Rusia sobre Ucraína.

Ante este escenario, a política da Consellería do Mar limítase a criticar as decisións e actuacións do Goberno central e a pedir e a reclamar a outras administracións, pero esquecéndose de que ten competencias na materia e non está a artellar políticas propias que lle axuden ao sector a enfrontarse a esta difícil situación que está a atravesar.

Dende a propia Consellería do Mar sempre se verten declaracións na liña de que son a primeira administración que vela e loita polos intereses do sector pesqueiro, pero a realidade é que cando imos ver cal é o grado verdadeiro de apoio e compromiso da Consellería co sector atopámonos, ano tras ano, cunhas baixísimas execucións orzamentarias, deixando todos os anos moitos millóns de euros sen executar que ben servirían para ofrecerlle axuda e darlle pulo a un sector que está a atravesar grandes dificultades. E como dicimos, isto non é una situación puntual do último ano, senón que se se trata xa dun erro estrutural da propia Consellería, que tantas veces temos denunciados dende este grupo parlamentario.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Como valora o Goberno galego a baixa execución orzamentaria do ano 2021 da Consellería do Mar?
- 2ª) Como valora a Xunta de Galicia a baixa execución orzamentaria da Consellería do Mar dos últimos anos?
- 3ª) Considera a Xunta de Galicia que con este baixo grado de execución orzamentaria da Consellería do Mar durante o ano 2021, así como vén acontecendo nos últimos anos,



se poden chegar a acadar os obxectivos reflexados na Memoria do orzamentos, así como axudar ao sector?

4ª) Cal ou cales son os motivos desta baixa execución orzamentaria da Consellería do Mar no ano 2021, así como nos últimos anos?

Pazo do Parlamento, 10 de maio de 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 10/05/2022 13:24:48

Julio Torrado Quintela na data 10/05/2022 13:25:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé e Luis Bará Torres, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As asociacións veciñais de Oza – Gaiteira - Os Castros e Eirís da Coruña deron traslado das alegacións contra o proxecto de mellora dos accesos ao novo CHUAC presentado pola Xunta de Galiza, consistente nunha nova infraestrutura con tipoloxía en diamante con glorieta elevada con 4 ramais sobre a AC-12.

A veciñanza afectada, por estar situada no ámbito de actuación do CHUAC, advirten que o documento publicado recentemente pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático contén determinacións prexudiciais para o interese xeral ao vulneraren a normativa ambiental e sectorial de aplicación.

A publicación deste *Documento ambiental para a solicitude de inicio da avaliación de impacto ambiental simplificada do Proxecto de mellora dos accesos ao CHUAC – A Coruña* ten como obxectivo definir e valorar o entorno da actuación do proxecto de mellora dos accesos ao CHUAC, entendendo como tal o espazo físico, biolóxico e humano que é susceptible de ser alterado, así como establecer as medidas correctoras tecnicamente factibles e economicamente viables que permitan minimizar os impactos ambientais negativos producidos nesta área polo conxunto da intervención proxectada.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As alegacións veciñais advirten do negativo impacto que este proxecto pode xerar, como consecuencia da ubicación xeográfica do propio CHUAC, ao pé da Ría do Burgo, cun importante valor paisaxístico e ambiental, que ademais está nesta altura en fase de dragaxe, rexeneración e recuperación como primeiro paso indispensable para recuperar o gran banco marisqueiro que foi e debe volver ser.

Asemade, advirten tamén das dificultades engadidas por estar situado este hospital nun espazo en alto, sometido a trazados pendentes para o seu acceso e tamén para a comunicación interior entre os edificios actuais e os actualmente en proxecto de construción, que van acrecentar o efecto de apantallamento e deterioro ambiental.

Neste sentido, o proxecto recolle o trazado de viais e percorridos con pendentes do 14 %, o que non se considera axustado ao establecido pola Orde TMA/851/2021, de 23 de xullo, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e a utilización dos espazos públicos urbanizados. Consecuencias que xa foran advertidas pola veciñanza do barrio como derivadas do emprazamento pouco adecuado deste hospital.

O incumprimento das esixencias establecidas no apartado 6.2.1. do Plan de Espazos do CHUAC, a inmisión acústica nas vivendas existentes que xerará o novo enlace para o acceso ao hospital sobre a AC-12, así como o feito de que a tramitación se realice polo procedemento simplificado, no canto do ordinario, como corresponde a unhas obras desta envergadura, son algunhas das alegacións presentadas polas mencionadas asociacións veciñais.

Máis unha vez, a Xunta camiña en dirección contraria aos criterios de mobilidade sustentábel que se están a planificar para as contornas urbanas, nomeadamente para as cidades, encamiñados a priorizar as infraestruturas accesíbeis





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

desde o desllocamento colectivo en transporte público, local e metropolitano, e non desde o turismo privado, máxime en espazos sanitarios como é este caso.

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Ten coñecemento o goberno das mencionadas alegacións veciñais ao proxecto de mellora dos accesos ao CHUAC?
- Recibiu máis alegacións? Cantas? Cales son os motivos que dan pé ás alegacións?
- Que resposta ten emitido o goberno? Mantivo algunha reunión con estas asociacións?
- Comprométese o goberno a revisar o actual proxecto para o axustar á normativa vixente, conforme o descrito nas alegacións presentadas?
- Por que razón optou o goberno da Xunta por unha tramitación de impacto ambiental polo procedemento simplificado?
- Comprométese o goberno, unha vez reformulado o proxecto, conforme as alegacións presentadas, a sometelo a unha nova tramitación de impacto ambiental ordinaria?

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2022





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 11/05/2022 10:20:59

Paulo Ríos Santomé na data 11/05/2022 10:21:09

Xosé Luis Bará Torres na data 11/05/2022 10:21:16



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

A comezos de 1981 inaugurábase no barrio compostelán de Vite o CEIP Vite I, no que na actualidade cursan estudos arredor de duascenas alumnas e alumnos nos niveis educativos de infantil e primaria. Nos seus máis de 40 anos de vida, este centro escolar non foi obxecto de ningunha obra de reforma de certo calado que dese resposta ás numerosas deficiencias que presenta froito do desgaste polo paso do tempo.

Sen ter as competencias na materia, foi o Concello de Santiago quen realizou hai poucos anos unha obra de mellora no lucernario dunha parte da cuberta xa que chovía dentro do centro, unha deficiencia estrutural que -segundo establece o convenio subscrito coa Fegamp- debía ter feito a Consellaría de Educación.

Na actualidade ese centro precisa accións de mellora de eficiencia enerxética, renovación das instalacións de electricidade e fontanería, así como a reparación do valado exterior, obras todas elas que deberían formar parte dun plan integral de mellora do centro.

A maiores, e dado que o centro recibe cada ano alumnado con discapacidade e mobilidade reducida, faise urxente e imprescindible unha pasarela que conecte todos os patios exteriores para que eses nenos e nenas poidan compartir os momentos de lecer cos seus compañeiros e compañeiras e non teñan que agardar noutros espazos porque non hai posibilidade material de acceder a determinados lugares. Os patios de xogo nos centros de ensino son tamén zonas coeducativas e participativas, onde as nenas e nenos deben socializar en igualdade de condicións e dispoñendo de espazos adecuados.

Non obstante, e pese ás reiteradas peticións por parte da comunidade educativa do centro e do propio Concello de Santiago ao longo dos últimos anos, a Consellaría de Educación non executou ningunha das accións comprometidas. O único que soubemos foi o anuncio no mes de maio de 2021 dun investimento de 182.000 euros na renovación da cuberta do CEIP, que se materializaba nun contrato formalizado o 11 de agosto sen que ata o de agora de maneira inexplicable se tivese executada esa obra.



Case un ano despois, o CEIP Vite I continúa agardando por esa obra anunciada, pero a súa comunidade universitaria reclama que a maiores da reforma da cuberta o centro sexa obxecto dunha verdadeira reforma integral, coas necesarias e urxentes actuacións que permitan unha educación pública en condicións dignas.

Urxente é ademais a construción dunha pasarela que una todos os espazos exteriores do centro coa fin de que os nenos e nenas con mobilidade reducida non sufran a exclusión actual. O Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica no que di enmarcarse a obra prevista na cuberta para o verán pasado fala de patios inclusivos, mais a Consellaría de Educación non parece considerar este centro merecedor desa obra necesaria.

Por todo iso, as deputadas que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) En que estado se atopa o expediente ED 14-21 O, correspondente ás obras de substitución de cubertas no CEIP Vite I en Santiago de Compostela?

2ª) Cando teñen previsto acometer esta obra necesaria?

3ª) Ademais da substitución da cuberta prevista, cre a Consellaría de Educación que o CEIP Vite I precisa unha verdadeira reforma integral?

4ª) Como valora o estado actual das instalacións de fontanería, electricidade e calefacción do CEIP Vite I? E dos patios exteriores?

5ª) Considera aceptable que haxa nenos e nenas con mobilidade reducida que pola falla dunha conexión entre todos os espazos exteriores do centro non poidan gozar das actividades cos seus compañeiros e compañeiras?

6ª) Pensa o Goberno galego que o CEIP Vite I cumpre as condicións para ofrecer unha educación inclusiva ao seu alumnado?

Pazo do Parlamento, 11 de maio de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 11/05/2022 10:26:20





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/05/2022 10:29:15
Nº Rexistro: 34740
Data envío: 11/05/2022 10:29:15.178

Noelia Otero Lago na data 11/05/2022 10:26:35

CSV: BOPGDSPG-0FT97Mnq-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a integración do persoal dos Consorcios Provinciais contra Incendios e Salvamento.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A iniciativa das Deputacións de A Coruña, Lugo e Pontevedra procedeuse ao rescate da xestión dos parques comarcais de extinción de incendios e salvamento que ate ese momento era realizada por empresas privadas. Así nos anos 2019, 2020 e 2021 os parques comarcais de bombeiros de Lugo, A Coruña e Pontevedra pasaron a ser directamente xestionados polos Consorcios Provinciais o que, alén dunha maior eficiencia na xestión dos recursos públicos, implica un importante aforro de cartos públicos. Hoxe en día o Consorcio Provincial de Ourense é o único que mantén privatizada a xestión dos parques comarcais de extinción de incendios e salvamento, da que se benefician, entre outras, a coñecida empresa Veicar.

Recentemente os representantes das Deputacións Provinciais de A Coruña, Lugo e Pontevedra que conforman, xunto coa Xunta de Galiza, os Consorcios Provinciais de Extinción de Incendios que asumiron a xestión directa dos parques comarcais de bombeiros solicitaron a integración do persoal destinado nestes servizos antes vencellas ás empresas concesionarias. Tal solicitude realizábase ao abeiro da Sentencia de 28 de xaneiro de 2022 na que o Tribunal Supremo ao resolver un RCU declaraba a condición de persoal laboral fixo das traballadoras que pasaban dunha empresa privada





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

á Administración Pública en virtude dunha subrogación tanto da actividade que desempeñaban. O pronunciamento do Tribunal Supremo excluía ao persoal da empresa privada que adquirira a condición de fixo en base a contratacións fraudulentas ou que realizase actividades que non fosen obxecto de transmisión ao sector público

Aínda que a citada sentenza atinxía a unha traballadora do Concello de Iruña o seus fundamentos puideran ser de aplicación aos traballadores dos parques comarcais de A Coruña, Lugo e Pontevedra ea ao de Ourense, sen algún día asume a xestión directa do servizo, que na actualidade supoñen varios centos de persoas, aproximadamente 400 (192 en A Coruña, 124 en Lugo e 73 en Pontevedra).

E por iso ante a importancia do número de traballadoras eventualmente atinxidas, así como a relevancia das funcións que realizan, dende o Bloque Nacionalista Galego consideramos a Xunta de Galiza debe clarexar a súa indefinición e dar resposta ás demandas das persoas traballadoras e das entidades públicas que tamén participan no Consorcio.

E por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

. Considera a Xunta de Galiza que os fundamentos da Sentencia do Tribunal Supremo resultan de aplicación aos traballadores/as dos parques comarcais dos Consorcios Provinciais de Extinción de Incendios e Salvamento de A Coruña, Lugo e Pontevedra?

. No seu caso, considera procede a declaración da condición de persoal laboral fixo dos Consorcios deses traballadores/as?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que actuacións realizou ou ten previsto realizar para determinar as traballadoras/es que, no seu caso, poderían adquirir tal condición?

. En caso contrario, cal considera a Xunta de Galiza que debería ser a consideración laboral dese persoal?

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 11/05/2022 11:27:06

Xosé Luis Bará Torres na data 11/05/2022 11:27:10

Iria Carreira Pazos na data 11/05/2022 11:27:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a presenza da música nos currículos do sistema educativo galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende a publicación dos currículos para o novo curso o pasado 22 de abril foron varios os corpos de profesorado que criticaron a falta de diálogo da consellaría para a elaboración dos mesmos.

Unha das demandas máis apoiadas pola comunidade educativa é a esixencia de que haxa unha maior presenza de contidos musicais (e artísticos) no sistema educativo galego.

No caso da materia de música, estamos a falar de que por primeira vez dende o ano 1991 non se poderá ofertar ningunha materia de música no Bacharelato como optativa.

A única posibilidade contemplada pasa por ofertar as modalidades do Bacharelato de Artes como optativas no Bacharelato Xeral. Mais esta realidade só sería posíbel nos escasos centros do país que poidan ofertar as dúas modalidades.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Resulta tamén chamativo a desaparición da materia de música en primeiro da ESO, rompendo a continuidade na formación musical dende Primaria, para retomar estes estudos en segundo da ESO.

Alén das carencias na formación do alumnado que implica o baleiro de contidos musicais en todas as etapas educativas, os currículos ofertados pola consellaría implican outros problemas para o profesorado como a carga de materias afíns, a redución de prazas ou as dificultades para o exercicio de dereitos como o de conciliación laboral e familiar.

Dende o BNG entendemos que a proposta curricular da Xunta a respecto da educación musical é tremendamente prexudicial tanto para o alumnado como para o profesorado galego.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. Como valora o goberno galego a situación da música nos currículos actuais presentados pola Consellaría de Cultura, Educación e Universidade?

. Vai a Xunta de Galiza crear a materia optativa “Proxectos Musicais” en 1º de Bacharelato.

. Ten pensado o goberno galego ofertar a materia “Linguaxe e práctica musical” como optativa en todas as modalidades de 1º de Bacharelato.

. Vai a Consellaría de Cultura, Educación e Universidade ofertar “Historia da Música e Danza” como optativa en todas as modalidades de Bacharelato.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Ten a Xunta de Galiza pensado ofertar “Artes Escénicas e Danza” como optativa en 4º da ESO

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2022

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 11/05/2022 11:55:13

Daniel Castro García na data 11/05/2022 11:55:27

Mercedes Queixas Zas na data 11/05/2022 11:55:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, Luis Bará Torres e Alexandra Fernández Gómez, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a execución das obras no nó de Concheiros, na avenida de Lugo de Santiago de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A remodelación da avenida de Lugo de Santiago de Compostela foi adxudicada pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade en novembro de 2019, cunha estimación inicial de duración das obras de 12 meses. O proxecto estivo deseñado desde o inicio co obxectivo de mellorar a entrada de peregrinas en Compostela sen favorecer a vertebración e cohesión territorial, a pacificación do tránsito e a seguranza viaria. Cando xa van practicamente 30 meses desde esa adxudicación, o certo é que a obra continúa sen estar rematada e con varias eivas ás que aínda non se lles deu solución por parte do executivo galego. Cómpre ter presente que esta é unha vía cunha alta densidade de tráfico e un dos eixos da cidade.

Ademais do malestar xerado na veciñanza e comerciantes da zona pola alta duración destas obras que coincidiron con outras na contorna, a reforma tampouco está exenta de problemáticas concretas. Deste xeito, na praza creada na confluencia entre as rúas de Concheiros, da Fonte dos Concheiros, de Berlín, Rodríguez de Viguri e a propia avenida de Lugo, no que se coñece como o nó dos Concheiros, son múltiples as deficiencias sinaladas, tanto por viandantes como tamén por persoas condutoras.

Por unha banda problemas derivados dunha falta de seguridade viaria. Así se levan vendo desde a súa reapertura vehículos que realizan manobras temerarias





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

derivadas pola falta de indicacións claras de como debe circular o tráfico rodado, nunha zona ademais, que ten un importante tránsito peonil, por ser tamén un dos puntos de entrada dos Camiños de Santiago. A respecto disto, a sinalización para o cruce de peóns é escasa, con unicamente dous semáforos verticais e que non están dentro do rango de visión de toda a área, e cunha liña no chan que é pouco visíbel coa luz do día. Isto remata por provocar que tanto peóns coma condutores/as teñan dificultades para saber como transitar por este nó.

Por outra banda tamén existe unha nula previsión acerca do tránsito de bicicletas, ao rematar neste mesmo nó un dos poucos carrís bici existentes na cidade sen que se deseñase unha solución de continuidade. Limítase, deste xeito, o desenvolvemento dunha mobilidade sostíbel na cidade que permita o abandono progresivo do vehículo particular.

Ademais do xa sinalado, a veciñanza tamén manifestou preocupación pola masa arbórea que se colocou entre Os Concheiros e As Fontiñas por seren especies de rápido e alto crecemento, unhas árbores que poden causar estragos na rede de saneamento e que, na súa opinión, pode intensificar a división entre estes barrios por non seren, quizais, as especies acaídas para este espazo.

O certo é que nas últimas semanas se puideron ver certas rectificacións na zona, co pintado de novas marcas viarias que non solucionan as múltiples deficiencias que acumula esta reforma.

Por todo o exposto anteriormente fórmulanse as seguintes preguntas para resposta na Comisión 2ª:

- Considera a Xunta de Galiza que se fixo unha boa planificación e execución das obras na avenida de Lugo na cidade de Santiago de Compostela?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- É consciente o goberno galego das múltiples deficiencias que acumula esta reforma acometida pola propia Xunta de Galiza?
- Que medidas ten previstas para corrixir a falta de seguranza viaria na zona?
- Contempla algunha modificación para incluír o tráfico seguro de bicicletas, promovendo así unha mobilidade sostible?
- Canto tempo pensa demorar o executivo galego o remate destas obras? É consciente do impacto que supuxeron para a veciñanza e para os comercios e negocios da zona?

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2022

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Alexandra Fernández Gómez

Luis Bará Torres

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 11/05/2022 12:08:55

Xosé Luis Bará Torres na data 11/05/2022 12:09:16

Alexandra Fernández Gómez na data 11/05/2022 12:09:26



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Patricia Otero Rodríguez e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O goberno da Xunta de Galicia anunciou a construción de 13 plantas de transferencia de Sogama en todo o territorio galego, unha delas situada no Concello de Arbo, dito proxecto foi publicado na páxina da Xunta e na do Concello o pasado día 17 de xaneiro do presente ano xunto cunha "Avaliación medioambiental simplificada".

Dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que esta planta non pode seguir esta tramitación xa que o presente proxecto ten un destacado impacto ambiental e por elo debe ser obxecto de avaliación ambiental ordinaria.

Pero a maiores disto entendemos que existen neste proxecto outras eivas de imposible subsanación que fan inviable a execución do mesmo e que pasamos a expoñer:

- 1º. A Planta sobrepasa o volume das edificacións existentes no entorno, incumprindo o artigo 216 e 91 del RLSC (Reglamento da Lei do solo de Galicia), polo tanto non cumpre a normativa urbanística nin en volume nin en altura da construción.
- 2º. Incumpre a normativa antiincendios que impediría a concesión de licencias ao proxecto.

O Real decreto 2267/2004 (Reglamento de Seguridade contra Incendios en establecementos Industriais), establece que os establecementos industriais de risco medio e alto ubicados preto dunha masa forestal teñen que manter unha franxa perimetral de 25 m de anchura permanentemente libre de vexetación baixa e arbustiva, coa masa forestal esclarecida e as ramas baixas podadas. En lugares de vento forte e de masa forestal próxima



tense que aumentar a distancia establecida nun 100 por cen, ao menos nas direccións dos ventos predominante .

Este proxecto sitúase nun risco medio 3 e non se cumpre a distancia de existencia de masa forestal nunha franxa perimetral inferior a 25 m de anchura en xeral ni 50mts nas direccións predominantes de vento indicadas.

3º. O emprazamento da planta afecta ao xacemento arqueolóxico de “A Lagoa”, que no consiste nun elemento puntual senón que abarca unha área superficial moito máis extensa ao tratarse dun sistema mineiro da época romana para a explotación do mineral ouro.

Este xacemento ocupa practicamente toda a superficie do monte “A Chan”, incluído o propio Parque Empresarial, polo tanto, esta planta se situaría dentro da contorna de protección dun elemento catalogado.

4º. Este proxecto non cumpre as distancias mínimas en relación ao volume de ruído xa que está situado a menos de 450 metros das primeiras vivendas do núcleo de A Chan, lugar de Fondevila.

5º. Incúmprese, ademais o convenio urbanístico firmado entre o Concello de Arbo e a Comunidade de Montes Veciñais en Mano Común de Barcela o 24 de setembro de 1996 que orixina este polígono, que na súa cláusula 4ª.- establece: “O Concello comprométese a determinar no correspondente Plan Parcial que se redacte para a execución do planeamento, que no Polígono Industrial non poderán instalarse industrias contaminantes como papeleiras, celulosas e outras de características similares. En todo caso estas industrias necesitarán autorización previa da Comunidade Veciñal” .

Este proxecto non só non obtivo dito consentimento senón que a Comunidade de Montes oponse expresamente á instalación da planta compactadora nos terreos cedidos.

6º. Por último, a actividade desta planta de transferencia é unha actividade potencialmente contaminante do solo e tamén unha actividade catalogada potencialmente contaminadora da atmosfera con código 09 10 09 52 e



posibilidade de encadrarse en el grupo C, polo tanto incumpre o previsto no artigo 31 do Plan Parcial do Solo Empresarial de Arbo, de data 29 de setembro do ano 2000, xa que desenvolve o que se entende por Usos Prohibidos.

Ante esta imposibilidade legal e medioambiental de desenvolver esta planta de transferencia neste polígono do Concello de Arbo, o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que o goberno da Xunta ten que buscar outra localización e formulamos como iniciativa a posibilidade de avaliar o traslado deste proxecto a outra parcela ofrecidas polo Concello de A Cañiza máis aptas dende o punto de vista medioambiental.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Entende o Goberno galego que o proxecto da Planta de Transferencia situada no Concello de Arbo debe someterse a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria?
2. Ten previsto o goberno da Xunta estimar as alegacións formuladas e en consecuencia non continuar coa tramitación deste proxecto de Planta de Transferencia?
3. Como xustifica o Goberno galego a negativa a trasladar este proxecto a unha das parcelas ofertadas polo Concello de A Cañiza?

Pazo do Parlamento, 11 de maio do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Patricia Otero Rodríguez
Noelia Otero Lago
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 11/05/2022 10:58:59

Patricia Otero Rodríguez na data 11/05/2022 10:59:08

Noelia Otero Lago na data 11/05/2022 10:59:18



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O paro sube en Galicia en 6.000 persoas no primeiro trimestre do ano en relación cos tres meses anteriores, un 4,4 %, situándose en 141.000 persoas desempregadas segundo a Enquisa de Poboación Activa publicada en data 28 de abril de 2022.

Galicia segue presentando peculiaridades dun mercado laboral pouco dinámico, cunha taxa de actividade de tan só o 52,7 %, fronte ó 58,5 % do resto do Estado.

A taxa de paro das persoas menores de 25 anos sube ata un 32 %, dous puntos máis que na media do Estado. A situación é especialmente preocupante para as mulleres cunha taxa de paro dun 37,41 %, case 10 puntos máis que a dos homes.

Por sectores, o emprego mellora na construción, cunha suba da ocupación dun 5,9%, e no sector servizos, cun aumento do 0,6 %. Pola contra, baixa esta na agricultura e pesca, nun 6,1 %, e na industria, nun 2,7 %.

A reforma laboral segue a dar os seus froitos cunha taxa de temporalidade que mellora. Cae ata o 22,5 % cun fortísimo aumento no trimestre da poboación asalariada con contrato indefinido, do 3,4 %, e unha caída dos temporais, dun 6,9%.

No ano tamén comeza a notarse a estabilidade do emprego, aumentando a poboación asalariada con contrato indefinido nun 6 % e tan só nun 0,8 % a temporal.

O que si hai que salientar é o aumento da parcialidade, cunha taxa do 14,3 %, subindo tanto en relación ó trimestre anterior, do 13,6, como ó mesmo trimestre do ano anterior, do 13,4. E, ademais, hai que salientar que a taxa de parcialidade involuntaria tamén é moi alta, do 77,9 %.



Outro dos problemas que reflexa a EPA en Galicia é a difícil situación para moitos fogares, hai en Galicia un total de 50.700 fogares no que todos os seus membros activos están en desemprego. E 27.300 fogares que non perciben ingresos. Ambas situacións levan á vulnerabilidade de moitas familias.

Ademais das 141.000 persoas que están no desemprego, 57.200 levan máis dun ano nesta situación.

Entende o Grupo Parlamentario Socialista que nos últimos trece non se desenvolveron, polo Goberno galego, políticas activas axeitadas ás necesidades dos parados e paradas.

Neste contexto, nos acordos asinados entre o presidente da Xunta de Galicia, Emilio Pérez Touriño, e os axentes sociais publicados no DOG nº 19 do 28 de xaneiro de 2008, figuran os itinerarios de inserción como unha das claves dunhas políticas activas de emprego centrada nas persoas paradas.

No Acordo sobre o novo modelo do servizo público de emprego de Galicia, no último parágrafo do seu apartado 1.1 Inscribir e clasificar os demandantes de emprego, dise textualmente: *“Os itinerarios de inserción profesional indicarán as diferentes medidas de mellora da empregabilidade que necesita cada demandante en cada ocupación para acadar niveis de empregabilidade axeitados aos seus requirimentos. Estes itinerarios supoñen un compromiso entre o Servizo Público de Emprego e un demandante determinado para, dunha banda, facilitar as accións de mellora da empregabilidade nel previstas e, doutra, realizar esas accións. Estes compromisos serán asinados entre o demandante e un técnico da Oficina de emprego en que está inscrito”*.

O artigo 19 septies. Itinerario individual e personalizado de emprego, engadido a Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego mediante o artigo 8 do Real decreto-lei 3/2011, do 18 de febreiro, dispón no seu segundo parágrafo: *“2. Para a realización do itinerario individual e personalizado de emprego será necesaria a subscripción e firma dun acordo persoal de emprego. Mediante este acordo, por unha parte, a persoa beneficiaria do itinerario se compromete a participar activamente nas accións para a mellora da súa empregabilidade e de busca activa de emprego, ou a posta en marcha dunha iniciativa empresarial, e, por outra parte, o Servizo Público de Emprego se compromete a asignación e planificación das accións e medidas necesarias. No caso de persoas beneficiarias de prestacións e subsidios polo desemprego, este acordo persoal de emprego formará parte do compromiso de actividade establecido no artigo 27”*.



Este artigo figura coa mesma redacción no Real Decreto Lexislativo 3/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de emprego.

Dende que Feijóo chegou ao goberno da Xunta de Galicia, nunca se adoptaron medidas tendentes a cumprir o establecido na Lei de emprego. Actualmente tampouco. Fanse itinerarios de inserción pero as actuacións neles acordadas non se teñen en conta na planificación das accións e medidas necesarias, incumprindo a citada lei.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai o Goberno galego da difícil situación que reflexa a EPA do primeiro trimestre de 2022 en relación aos 50.700 fogares galegos con todos os seus membros en desemprego?
2. Por que na planificación das accións de políticas activas de emprego non se ten en conta o acordado nos itinerarios de inserción?
3. Pensan adoptar medidas para planificar as accións de políticas activas de emprego de conformidade co acordado nos itinerarios de inserción?
4. Que valoración realiza o Goberno galego de que a taxa de emprego feminina de menores de 25 anos sexa dun 37,41 %?
5. Que valoración fai de que das 141.000 persoas en desemprego, 57.200 sexan paradas e parados de longa duración?
6. Que medidas pensa adoptar de forma inmediata o Goberno en relación coa taxa de paro xuvenil?
7. Que medidas pensa adoptar o Goberno galego en relación a taxa de parcialidade involuntaria?
8. Que medidas pensa adoptar o Goberno galego en relación o alto índice de desemprego no sector agrario cunha caída do 6,1 %?

Pazo do Parlamento, 11 de maio do 2022

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/05/2022 13:02:36
Nº Rexistro: 34783
Data envío: 11/05/2022 13:02:36.017

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 11/05/2022 12:57:08

Julio Torrado Quintela na data 11/05/2022 12:57:16

Marina Ortega Otero na data 11/05/2022 12:57:24

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-0FTI97Mnq-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 9/2019, do 11 de decembro, de medidas de garantía de abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario prevé nas súas disposicións adicionais unha serie de plans e prazos para o seu cumprimento por parte de empresas, concellos e comunidades de augas.

Segundo se deduce da información facilitada pola Directora de Augas de Galiza nunha resposta parlamentaria, o grao de cumprimento da lei é moi baixo por parte dos concellos e comunidades de augas.

Con data de 4 de marzo de 2022, só 22 concellos presentaron informes sobre perdas de auga. Destes datos dedúcese que nos citados concellos as perdas están próximas ao 40% do volume de auga captada, mentres que non se dispón de datos dos concellos restantes.

Con respecto ás convocatorias de subvencións de Augas de Galiza dixiridas a concellos e a comunidades de augas, chama a atención que no caso dos concellos só se concederan axudas por valor de 142.000 euros (dunha convocatoria de 500.000 euros) e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

no caso das comunidades só se concederon axudas a 33 sen que se esgotara o crédito dispoñíbel de 250.000 euros.

A este grupo non lle consta que por parte de Augas de Galiza se levase a cabo unha nova convocatoria co diñeiro sobranter, nin temos coñecemento de campañas de información e divulgación dirixidas tanto os concellos como as comunidades veciñais co obxectivo de implantar medidas relacionadas coa nova cultura da auga.

Polo que respecta ás comunidades de augas veciñais, trátase dunha solución propia de Galiza para resolver a prestación deste servizo básico de competencia municipal. O feito de que non teña encaixe na lexislación de réxime local deu lugar a discrepancias na interpretación da súa función e está a provocar tamén conflitos tanto no ámbito das Confederacións Hidrográficas de competencia estatal como no ámbito hidrográfico de competencia autonómica.

Tendo en conta que estamos diante dun feito diferencial relacionado coa dispersión e a ocupación do territorio, que se trata dunha solución propia de Galiza e dunha realidade que sobarda o ámbito municipal, o goberno galego debe liderar e impulsar un gran proxecto de regularización, modernización e mellora das traídas de augas veciñais. E ademais debe garantir a continuidade destas entidades e velar polo recoñecemento da súa singularidade na lexislación galega e estatal.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. Cantas comunidades de augas están rexistradas en Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Cal é a duración das renovacións de concesións e que condicionamentos se establecen nelas?

. Fixo algunha estimación a Xunta sobre traídas de augas non legalizadas?

. Que medidas ten previsto desenvolver o goberno galego para mellorar a formación e o funcionamento das comunidades de augas veciñais e modernizar os depósitos e as redes de subministro?

. Ten previsto o goberno galego elaborar unha guía de boas prácticas en materia de xestión da auga por parte de comunidades veciñais?

. Vai a Xunta levar a cabo medidas para o recoñecemento da singularidade das traídas de augas veciñais tanto na lexislación galega como na estatal?

. Vai ter en conta a Xunta na lexislación de augas a diferenza entre a captación de fontes e o control da auga que sae dos depósitos, a efecto de control da auga captada, auga subministrada, auga consumida e control de perdas?

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Paulo Ríos Santomé

Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 11/05/2022 13:28:49

Paulo Ríos Santomé na data 11/05/2022 13:28:53

Alexandra Fernández Gómez na data 11/05/2022 13:28:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Paulo Ríos Santomé e Luis Bará Torres, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas últimas semanas a poboación das comarcas da Barbanza e Muros-Noia vén detectando repetidamente unha importante cantidade de avións que sobrevoan a diario a costa desas zonas, nomeadamente sobre o Concello de Porto do Son, sen que coñezan as razóns deses voos a moi baixa altitude.

Os voos realízanse principalmente en horas de madrugada, aínda que nalgúns ocasións tamén durante o día, a baixa altitude e por enriba de zonas poboadas, aparentemente non concordando co establecido no Regulamento SERA polo que se establece o Regulamento do Aire e Disposicións Operativas Comúns para os Servizos e Procedementos da Navegación Aérea, no apartado SERA.3105 onde se establecen as “alturas mínimas” dos voos das aeronaves.

O SERA.3105 recolle que os voos sobre poboacións só serán permitidos por enriba dos 300 metros de altitude cando non exista perigo para a poboación. No entanto, as veciñas e veciños de Porto do Son veñen observando como as aeronaves sobrevoan de forma constante e por debaixo da mencionada altura, temendo polas consecuencias que se puideran derivar no caso dunha emerxencia por parte da aeronave e polos riscos que conlevaría tanto para a seguridade aérea como para as persoas que están en terra.

Diante da falta de datos e de información sobre os voos, medra a preocupación entre a veciñanza dese concello, máxime despois de estendérense as especulacións sobre





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

o motivo dos mesmos e incluso difundirse que se están empregando para a dispersión de produtos químicos ou biocidas que poderían comportar repercusións sobre a saúde das persoas ou do medio ambiente.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

-Ten coñecemento a Xunta de Galiza dos voos que veñen tendo lugar nas últimas semanas nas comarcas da Barbanza e Muros-Noia, e nomeadamente sobre o Concello de Porto do Son? E da súa finalidade e obxecto?

-Ten constancia de que sexan voos autorizados e por parte de quen se están a realizar, se do exército, da Administración, de empresas ou particulares? E de que exista unha análise dos riscos que sobre a poboación poden ter asociados?

-De ser certo que os voos se están a utilizar para a dispersión de biocidas, ten coñecemento sobre o tipo de produtos e a cantidade vertida na atmósfera en cada voo? De ser así, existen avaliacións de riscos sobre os mesmos? Existen estudos que demostren cientificamente a inocuidade dos produtos vertidos polos mencionados voos?

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 11/05/2022 16:45:38

Paulo Ríos Santomé na data 11/05/2022 16:45:49

Xosé Luis Bará Torres na data 11/05/2022 16:45:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños e Manuel Lourenzo Sobral, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno galego fixo público o Documento inicial do proxecto da liña de alta tensión do parque eólico dos Cotos II e do parque eólico Chan dos Meniños, que afecta aos concellos de Cerdedo-Cotobade, Ponte Caldelas e Pontevedra.

O documento ten data de decembro de 2021, sinatura dixital dunha enxeñeira de montes de data 2-3-2022 e data de publicación do 28 de marzo de 2022.

O citado documento é un paso previo e necesario para que o órgano ambiental, neste caso a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellaría de Medio Ambiente, elabore un documento de alcance do estudo de impacto ambiental da liña.

Para a análise do citado procedemento cómpre ter en conta:

1º A liña de alta tensión está vencellada á construción de dous parques (Os Cotos II e Chan dos Meniños) dos que non consta ningunha información nin trámite para súa autorización.

2º Está en tramitación outra liña de alta tensión, paralela á anterior, para a conexión do parque eólico Os Cotos coa subestación de Ponte Sampaio.

3º Tanto o parque eólico Os Cotos como Os Cotos II e Chan dos Meniños están promovidos pola empresa ECOENER, e outro tanto ocorre coas dúas liñas de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

alta tensión, polo que estamos diante dunha fragmentación de proxectos que deberían ser tramitados conxuntamente e avaliados de maneira integral e nos seus efectos sinérxicos e acumulativos.

4º Os citados parques eólicos e as liñas eléctricas de alta tensión teñen un elevado impacto no medio natural, no patrimonio cultural e nos usos económicos e residenciais do territorio, causan graves prexuízos ás comunidades rurais da contorna e responden a un modelo depredador, que só favorece a grandes empresas enerxéticas. Ao tratarse de zonas densamente habitadas ou próximas a zonas urbanas, as expectativas de recuperación demográfica e reactivación socioeconómica veranse seriamente mermadas pola implantación destas grandes infraestruturas enerxéticas.

5º Antes da tramitación de cada proxecto por separado, debería facerse unha previsión e unha planificación sobre parques eólicos e liñas de alta tensión que están en fase de solicitude, tramitación ou previsión de futura instalación, para poder obter unha imaxe de conxunto e unha avaliación global de impactos no territorio.

6º A Lei 18/2021, de 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas introduce no artigo 39 diversas modificacións da Lei 8/2009, entre elas a non admisión a trámite de novas solicitudes de parques eólicos por un período de ano e medio desde a entrada en vigor da lei. Esta modificación normativa debe ser tida en conta na tramitación e autorización da liña de alta tensión.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Que previsións ten a Xunta en relación coa implantación de parques eólicos e liñas de alta tensión na área de Pontevedra?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera necesario o goberno galego facer unha previsión e unha avaliación de conxunto do impacto de parques eólicos e liñas de alta tensión por áreas xeográficas?

Ten previsto o goberno galego facer unha avaliación ambiental de conxunto, sinérxica e acumulativa, do impacto de todas as infraestruturas enerxéticas por áreas xeográficas e concretamente na área de Pontevedra, Terra de Montes, Ponte Caldelas e Soutomaior?

De que información dispón o goberno galego sobre os parques eólicos Os Cotos II e Chan dos Meniños?

Ten previsto o goberno galego desbotar a tramitación da liña de alta tensión de conexión dos parques eólicos Os Cotos II e Chan dos Meniños, por ser unha infraestrutura de conexión de parques inexistentes, dos que non consta ningunha solicitude, e porque en todo caso deberían ser obxecto dunha tramitación conxunta?

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Manuel Lourenzo Sobral

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 11/05/2022 17:15:57

Noa Presas Bergantiños na data 11/05/2022 17:16:00

Xosé Luis Bará Torres na data 11/05/2022 17:16:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López, Ramón Fernández Alfonso e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, relativa aos datos da Enquisa de Poboación Activa (EPA) do primeiro trimestre de 2022.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Enquisa de Poboación Activa (EPA) do primeiro trimestre do 2022, publicada polo INE fai uns días, amosa que a realidade do mercado de traballo galego segue a ser preocupante.

A poboación parada aumentou de xeito considerábel nos tres primeiros meses do ano 2022. En comparación co trimestre anterior , aumentou o paro en 5.900 persoas. Un aumento que non se debe tanto a que descendese a poboación ocupada, se non a que moitas das mulleres que foran expulsadas do mercado de traballo durante a pandemia, están regresando agora coma demandantes de emprego. Por iso, segundo os datos da enquisa, neste momento hai 4.400 mulleres inactivas menos.

Partindo do feito incuestionábel de que esas mulleres, que saíron do mercado de traballo antes que ninguén durante a pandemia, sufrían unha situación de precariedade laboral estrutural (marcada pola temporalidade, a parcialidade e os salarios baixos, desempeñando traballos sobre todo no sector servizos e en sectores moi feminizados) podemos colixir, sen temor a equivocarnos, que non verán mellorada a súa situación





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

laboral neste regreso. Volven, pois, á precariedade. E volven a ser demandantes de emprego empurradas pola necesidade de buscar fontes de ingresos ante a crise inflacionista que sufrimos, que provoca un empobrecemento xeneralizado das clases populares e traballadora deste país.

Todo isto provoca que a poboación activa aumentase e que ese aumento do desemprego afectase maioritariamente ás mulleres. A taxa de paro aumentou até o 11,4% de media, sendo a taxa de paro feminina do 12,9% e a masculina, case tres puntos porcentuais inferior.

Por sectores, as novas estatísticas non son moi alentadoras. Na agricultura e a pesca descende a poboación ocupada nun 6,1% mentres que na industria baixa nun 2,7%. No caso da industria, estes datos certifican outro dato preocupante: que este sector perde peso no noso país, xa que representa un 15% da nosa economía fronte ao 20% que representa no resto de países da nosa contorna.

En canto á contratación, malia que aumenta a indefinida e descende a temporal, non é menos certo que descenderon os contratos temporais a tempo completo mentres que aumentaron os temporais a tempo parcial. Co que entramos nunha nova etapa na que se vai apostar pola contratación temporal parcial, a contratación a través de ETT e na indefinida parcial e fixa-discontinua.

Ante esta situación faise vital que o goberno galego recoñeza que as diferentes medidas implementadas nos últimos anos no mundo laboral e as súas políticas de emprego e formativas, non acadaron corrixir esas eivas estruturais que padece o noso mercado de traballo e que as diferentes fontes estatísticas e analíticas, tanto de carácter mensual como anual, confirman.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No inmediato, o responsábel sería darlle un xiro copernicano ás políticas de emprego e de formación para o emprego da Xunta de Galiza, para acaroalas á realidade do noso mercado de traballo. Pero para iso é imprescindible que o goberno galego recoñeza a existencia das eivas estruturais que o condicionan: a precariedade en forma de estacionalidade, temporalidade e parcialidade, de salarios baixos, e de especial afectación nas mulleres e nas persoas mozas.

Tendo en conta esa especial afectación, faise vital implementar plans específicos que permitan que mulleres e xente moza suban chanzos que fagan mudar esas estatísticas que sempre os sitúan no furgón de cola das oportunidades e condicións laborais. Que posibiliten que esas mulleres que están volvendo ao mercado laboral, non o fagan á precariedade, senón a postos de traballo estábeis e de calidade.

E compatíbel e complementario co anterior, pero xa con vontade estratéxica, impulsar un plan de emprego para crear postos de traballo de calidade, en sectores emerxentes, que contribúan á transformación da economía galega, que así mesmo posibilite acadar taxas industriais e no sector primario propias dun país próspero.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

Como valora o goberno galego os datos da Enquisa de Poboación Activa correspondente ao primeiro trimestre do 2022?

Que lectura fai o goberno galego do aumento considerábel da poboación activa nese primeiro trimestre?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Analizou o goberno galego a causa dese aumento?

Considera que as mulleres que se reincorporaron neste primeiro trimestre do ano ao mercado laboral van poder acceder a empregos estábeis e de calidade?

Considera o goberno galego que a perda de peso da industria na economía galega é conxuntural ou estamos ante unha crise industrial na Galiza?

Considera necesario implementar plans específicos dirixidos a mellorar a situación de mulleres e xente moza no mercado de traballo galego?

Considera o goberno galego necesario, prioritario e urxente crear emprego estábel e de calidade anoado a sectores estratéxicos do noso país como son a pesca e a agricultura?

Considera necesario o goberno galego unha nova estratexia de emprego que sirva de panca para a reorientación e transformación da economía galega?

Considera que nesa nova estratexia de emprego débese dar prioridade ás mulleres e aos mozos e mozas galegas?

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2022

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Ramón Fernández Alfonso

Noa Presas Bergantiños

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 11/05/2022 17:56:06

Noa Presas Bergantiños na data 11/05/2022 17:56:10

Daniel Pérez López na data 11/05/2022 17:56:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García,
deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**,
ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para
resposta oral na Comisión 8ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Resolución do 26 de xullo de 2021, de Portos de Galiza, publicada no DOG
do 6 de agosto, levantaba a prohibición, despois de case 50 anos, da práctica da pesca de
lecer nos portos galegos que, malia ás restricións, víñase realizando dende sempre nos
peiraos da nosa Comunidade.

Unha Resolución que chegou despois dun proceso de case un ano onde se
mantiveron varias reunións coas principais asociacións do sector e que, no entanto, non
foi finalmente acordada nin consensuada con elas en gran parte dos aspectos que
recolle.

Deste xeito, coa publicación, o 7 de agosto do pasado ano, na súa páxina web,
Portos de Galiza conseguiu crear unilateralmente moitos máis problemas dos que
existían antes da aprobación da Resolución e da zonificación que establecía os espazos
aptos para a pesca recreativa nos portos. Incrementouse o malestar e a indignación de
miles de afeccionados, sucedéronse as críticas, medrou a disconformidade, repetíronse
as mobilizacións, e moitos concellos pediron a renegociación da norma. En definitiva, a
Resolución resultaba imposible de cumprir e amosouse totalmente inútil para a
ordenación dos espazos portuarios para a práctica da pesca de lecer.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alén doutros, o problema principal era, e segue a ser, que as zonas que se habilitaron conlevan, en moitos casos, perigo ou son inaccesíbeis, noutros resultan inservíbeis porque quedan en seco coa marea baixa ou porque xa non se viñan utilizando ao non haber pesca, e noutros tantos porque os tramos son excesivamente pequenos e inaxeitados. A norma, pois, que Portos dialogou, mais non consensuou nin acordou, coas asociacións ficou ineficaz dende o primeiro momento.

As numerosas protestas non fixeron que Portos recapacitase, deixase sen efecto o aprobado e se volvea a sentar cos afectados e afectadas. Non, Portos de Galiza e a propia Consellería de Mar seguiron actuando de xeito errático e desacertado, adquirindo compromisos individuais para facer excepcións concretas en cada caso e promovendo, fora da norma que viña de aprobar, pactos entre os distintos sectores e entre o sector da pesca recreativa e os Concellos que só serviron para crear máis agravios e máis problemas e prexuízos.

Despois de que as mobilizacións e as declaracións se sucedesen durante meses, Portos anuncia, o pasado mes de abril, que “ampliara espazo en 25 portos se os concellos colaboran”. É dicir, Portos anuncia unha actuación que afecta de cheo a outra administración sen contar e sen ter falado con ela ou co organismo que a representa, a FEGAMP, cando xa tiña chegado a acordos con 4 de 29 concellos e mesmo antes de poñerse en contacto por escrito con eses 25 concellos nin terlle achegado a proposta de convenio que programaba levar a cabo.

Nese convenio que Portos trasladou aos concellos, imponse facerse cargo da vixilancia e da sinalización, asumir as posíbeis responsabilidades patrimoniais derivadas do exercicio da pesca de lecer e, en definitiva, levar a cabo as competencias e os cometidos propios na materia correspondentes á Comunidade Autónoma, descargando,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

diante da súa propia incompetencia, as súas obrigas na Administración máis débil, a local.

Non se ten en conta a capacidade, escasa na maioría dos casos, dos concellos para levar a cabo esas competencias e -o que é moito máis grave- atribúenselle cargas tan importantes como a responsabilidade patrimonial. Mais non só. Trasládaselle un problema que creou a propia Xunta de Galiza, que pode provocar agravios comparativos entre os afeccionados duns concellos e doutros, que mesmo os enfronta coas propias autoridades municipais e que é consecuencia unicamente das propias e incertadas decisións do ente.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª :

. Que valoración fai a Xunta de Galiza da aplicación da Resolución do 26 de xullo de 2021, de Portos de Galiza?

. Considera que a devandita Resolución é susceptible de modificacións que a melloren? De ser así, que actuacións vai levar a cabo para acadalas?

. A que acordo ten chegado Portos de Galiza con algúns concellos para flexibilizar a norma?

. Por que razón non se puxo en contacto e estableceu un diálogo coa FEGAMP para chegar a acordos xerais con todos os concellos afectados?

. Por que motivo anunciou ampliar espazos para a pesca de lecer en 25 concellos, “se estes colaboran”, antes de iniciar conversas con eles e de remitirlos a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

proposta de convenio? Considera que ese é o proceder correcto dunha Administración na súa relación con outra?

. Por que se lles propón aos concellos un convenio que non foi dialogado con eles e que lles impón facerse cargo de competencias impropias e que ten atribuídas a Administración galega?

. Considera o Goberno galego que unha norma que debe ser xeral e igual para todos os afectados e portos galegos e que se está a tratar caso a caso vai crear agravios e discriminación entre uns afeccionados e outros? De ser así, que actuacións vai levar a cabo para evitar as excepcións e que todos teñan os mesmos dereitos e as mesmas obrigas?

. Está disposta a Xunta de Galiza a exercer as súas propias competencias e velar polo cumprimento da súa propia normativa?

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 12/05/2022 09:33:35

María do Carme González Iglesias na data 12/05/2022 09:33:40

Daniel Castro García na data 12/05/2022 09:33:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a intención do Goberno Galego de suprimir os apoios educativos o 15 de xuño.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos días foron varios os centros que se puxeron en contacto co BNG para denunciar que a Consellaría de Educación pretendía cesar o persoal dos Plans de Reforzo, Orientación e Apoio, con data do 15 de xuño.

Esta medida prodúcese despois dos cambios no calendario escolar que afectaron a este curso e no que a propia Consellaría de Educación establecía que o período comprendido entre o 6 de xuño e o 22 de xuño sería adicado á “preparación e realización das probas extraordinarias, e a actividades de apoio, reforzo, ampliación e tutorización”.

Neste sentido, semella evidente que o Goberno Galego está a incorrer nunha contradición manifesta cando ao tempo que establece nunha orde que este período será adicado a apoio e reforzo educativo; cesa e recorta o persoal adicado a estes fins nesas mesmas datas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. Considera a Consellaría de Educación coherente adicar as datas comprendidas entre o 6 de xuño e o fin de curso a reforzo e apoio educativo, e ao mesmo tempo cesar o persoal que realiza estas funcións nesas datas?

. Vai o goberno galego manter os apoios educativos impartidos polo persoal do Plan de Reforzo, Orientación e Apoio até o 30 de xuño?

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2022

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 12/05/2022 10:28:45

Daniel Castro García na data 12/05/2022 10:28:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 12/05/2022 10:29:03



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

O vindeiro curso 2022/2023 levarase a cabo a implantación nos centros educativos da Lei 3/2020, do 29 de decembro, de educación, pola que se reestruturan as ensinanzas de bacharelato.

A nova modalidade de bacharelato xeral non será implantada en réxime ordinario no IES Monte Castelo de Burela.

O bacharelato xeral constitúese como a opción de elección máis aberta e, polo tanto, a máis axeitada ao perfil de alumnado adulto que, en numerosas ocasións, aspira exclusivamente a obter unha titulación de bacharelato, ou ben, non ten claro cara a onde orientar o seu futuro académico.

A diversidade xeográfica, cultural e socioeconómica que caracteriza a poboación burelesa esixe unha resposta ampla, flexible e integral ás súas demandas formativas.

Burela e, por extensión, o IES Monte Castelo, sitúase no centro xeográfico da Mariña, polo que esta localización estratéxica propicia a incorporación de alumnado tanto da zona occidental como a oriental da comarca.

Fronte á tendencia á baixa que está a sufrir a matrícula en ensinanzas para persoas adultas nos outros concellos da Mariña nos que están ou estaban implantadas, no caso de Burela estase a experimentar un incremento de matrícula.

Por iso, as deputadas que asinan, formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Vai a Xunta de Galicia a implantar o bacharelato xeral semipresencial para persoas adultas no IES Monte Castelo, de Burela.
- 2ª) Vai a Xunta de Galicia cofinanciar para promover a Aula Mentor no colectivo de desempregados?



3ª) Ten pensado a Xunta de Galicia implantar a FP Dual e a consolidación do IES Monte Castelo como referente na formación da rama sanitaria na Mariña lucense?

4ª) Vai a Xunta de Galicia axudar na divulgación doutros programas de aprendizaxe como CHAVE, a sección de EOI ou a sede para a realización dos exames da ESO e Bacharelato a distancia do IES San Clemente, dos que hai un gran descoñecemento na vila e na comarca?

Pazo do Parlamento, 11 de maio de 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 11/05/2022 13:38:11

Noa Susana Díaz Varela na data 11/05/2022 13:38:27

Noelia Otero Lago na data 11/05/2022 13:38:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Maria González Albert e Carmen Aira Díaz, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 5 deste mes de maio rematou o período de exposición pública do último intento de proxecto de Real Decreto polo que se establecen normas para a nutrición sostible dos solos agrarios. Dicimos último intento porque se trata diso, unha outra versión do proxecto de RD que en 2020 estivera tamén en exposición pública ata outubro e que non se materializara en nada, e que desta vez vén corrixido e aumentado nos seus despropósitos a respecto da gandería bovina de Galicia e por extensión das CCAA de Asturias e Cantabria.

Porque todo seguiría quieto e calado se non fose porque a Comisión Europea anunciou a súa intención de actualiza-la Directiva sobre as Emisións Industriais 2010/75/UE para ampliar o abano de explotacións gandeiras que deben someterse a esta Directiva. De feito pretende aplicarse ás explotacións gandeiras con manexo intensivo de máis de 150-UGMs. Por certo, que as declaracións do ministro Planas a respecto destas intencións foron contundentes dicindo que...” non é real que unha granxa de 150 vacas se someta ás mesmas normas cá industria química”... e outras descualificacións a esta futura norma.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Poucos días despois, en flagrante contradición destas declaracións, ve a luz pública este despropósito de RD que nos ocupa. Razóns? Ningunha, coma non sexa que a revisión da Comisión Europea colleu ao goberno do Estado sen face-los deberes a respecto das emisións... que non vai ser unicamente por esta razón... Tamén pode ser que as presións dos lobbies do porcino e dos abonos de síntese queiran sacudi-las culpas sobre a gandaría máis desarticulada e ademais condicionada polo cobro da PAC e máis facilmente doblegable.

Mais as présas non xustifican un texto sen documentación e información veraz, preñado de datos incompletos que non ten en conta as características propias da gandaría galega e da Cornixa Cantábrica, e que carga a culpabilidade das emisións de amoníaco e nitratos sobre esta gandaría de vacún con terra na que son a práctica totalidade pequenas e medianas explotacións familiares.

Se facemos caso das investigacións serias, Van Damme et al. 2018; identifican os puntos críticos de emisión de amoníaco utilizando un mapa de alta resolución do amoníaco atmosférico obtido de observacións, desde satélite, diarias, mediante o IASI, identificando 248 puntos críticos en todo o planeta, entre os que se atopan as zonas de cría intensiva de animais (macrogranxas) Eckley-Yuma (Colorado, EE.UU.); Bakersfield e Tulare (California, EE.UU.) e Torreón (México).

No Estado español os puntos críticos identificados que aparecen no ránking mundial son fundamentalmente debidos ao gando porcino: Vic-Manlleu (Barcelona); Cánovas, Lorca.-Porto Lumbreas (Murcia); pero tamén vacún de carne: Mensalbes (Toledo) e vacún de leite Viso-Pozoblanco (Córdoba). Nunha escala xeográfica maior, destaca o Val do Ebro (Aragón e Cataluña).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No “Plan de Proyección de Emisiones de Gases Contaminantes a la Atmósfera” presentado polo Ministerio para la Transición Ecológica en 2019 cárganse as principais reducións nas emisións de amoníaco sobre o gando vacún e permítese que sigan medrando as de porcino a pesar de ser este o principal emisor.

	2016	2020	2025	2030	2040	2016-2040	% redución
producción animal y gestión de estiércoles y purines	200,35	196,98	178,67	159,88	155,35	45,00	22,46
V leche	19,94	19,59	15,81	12,20	10,96	8,98	45,05
V carne	41,29	39,09	32,51	25,83	24,02	17,27	41,82
Ovino	9,46	9,17	8,56	7,95	7,56	1,91	20,17
Porcino	79,69	81,82	77,61	72,90	72,38	7,32	9,18
Caprino	0,80	0,77	0,75	0,72	0,68	0,12	14,86
Equino	5,23	5,01	5,09	5,17	5,20	0,03	0,63
Aves	43,85	41,46	38,26	35,04	34,49	9,36	21,35
Abonado orgánico y mineral	247,75	228,88	206,93	184,26	180,59	67,16	27,11
Otros sectores	44,11	47,88	50,34	51,63	48,46	-4,35	-9,86
Total nacional	492,21	473,75	435,93	395,76	384,39	107,82	21,9

Fonte: Plan de Proyección de Emisiones de Gases Contaminantes do Miteco.

Destaca a redución do vacún de leite que pese á súa baixa importancia relativa nas emisións estatais veríase obrigado a un axuste que representa máis do 45% da cuota de emisións actuais pasando do 4% en 2016, ao 2,85% en 2.040. Outro tanto acontece coas reducións no vacún de carne, case un 42% pasando do actual 8,1% áo 6,25 entre 2016 e 2040.

E sen embargo as emisións do subsector porcino que son, e con diferenza, as maiores, incrementaríanse pasando do 16% ao 18,8% estatal e os demais subsectores gandeiros manteríanse estables.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A que xoga e a quen protexe o MITECO?

Este proxecto de RD ignora intencionadamente, e unha vez máis, que as porcentaxes do porcino (44%) e dos abonos de síntese (20%) chocan frontalmente co 10% do vacún de leite do que Galicia ronda o 50% estatal, sendo en Galicia o de carne case inapreciable en emisións.

A excepcionalidade que amosa o proxecto de 10has de superficie para pastos ou cultivos forraxeiros para autoconsumo (Artigo 4. Requisitos Generales) afectaría ao 68% de tódalas explotacións galegas e ao 90% das vacas. Isto parécenos un criterio desproporcionado e demasiado esixente tendo en conta que na proposta da nova normativa europea de emisións industriais a excepción vén marcada polas 150 UGMs que afectaría a menos do 6,1 das explotacións leiteiras galegas e a menos do 15% das vacas segundo se pode deducir dos propios datos publicados polo MAPAMA e o INE.

Este absurdo obedece á ignorancia intencionada e maliciosa da realidade galega de parte do MITECO. Teremos que lle dicir unha vez máis que as granxas galegas tanto de carne coma de leite son na súa inmensa maioría pequenas e medianas explotacións familiares que, segundo todo ese discurso verde-green... tan de moda e tan deprezado, habería que protexer. E seguiremos dicíndolle que as características destas explotacións non permiten a aplicación desta norma.

Uns exemplos:

Artículo 5. Obligación de registrar las operaciones de aporte de nutrientes y materia orgánica al suelo agrario y de agua de riego en el cuaderno de explotación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Los datos del suelo de los recintos, de acuerdo con lo establecido en el artículo 6. A tal efecto el Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación coordinará el establecimiento de una red de laboratorios de analíticas de suelo, para lo que podrá designar un laboratorio nacional de referencia.

Saben os redactores deste proxecto o número de recintos e de fincas que ten cada unha das explotacións gandeiras galegas debido á atomización da propiedade e ás características climáticas e orográficas? Son conscientes do absurdo desta norma e a que grao de desesperación podería conducir?

3. La composición analítica y en particular el contenido en nitrógeno, fósforo y materia orgánica referidos a materia fresca de los estiércoles aplicados al suelo, de acuerdo con el artículo 13, que deberá ser proporcionada por el suministrador o por el propio titular de la explotación cuando los purines se generen en ésta.

O sector gandeiro non pode analiza-la composición dos seus puríns, o sector non dá para tanto. Todo parece indicar, vista a redacción deste punto, que o obxectivo último é prima-la fertilización química e obstaculiza-la orgánica obrigando ó/a gandeiro/a a utiliza-lo xurro e máis o esterco coma un residuo e pagar para que llo xestionen nunha planta de Biogás.

Artículo 6. Plan de abonado

1. En el plan de abonado se identificarán de forma inequívoca los diferentes recintos que forman parte de la unidad de producción.

2. El plan debe incluir datos del suelo de los recintos, o al menos, de un recinto representativo por cada hoja de cultivo. Los datos se referirán, al menos a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

los valores de los contenidos en materia orgánica, nutrientes y, en su caso, contaminantes que figuran en la Sección A de la Parte I del Anexo I del presente real decreto.

A atomización da propiedade e as características do territorio dificultan a identificación de cada recinto neste plan de abonado que se propón. A redacción deste apartado amosa una vez máis o descoñecemento da realidade das explotacións galegas de parte do MITECO. E así serían penalizadas gravosamente as pequenas e medianas explotacións (inmensa maioría) contravindo as directrices, cando menos teóricas, que para a súa protección emanan de Europa.

En definitiva trátase dun RD que promove unha BCAM 10 de carácter estatal non incluída no Regulamento do Parlamento Europeo, sobre a base do artigo 13 do Regulamento(UE) 2021/2115 do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establecen normas en relación coa axuda aos plans estratéxicos coa fin de dotar dunha maior ambición medioambiental á PAC, créase esta BCAM nacional relativa á nutrición sostible dos solos agrarios.

E así, seguindo as atinadas análises e informes do investigador do CIAM Xoán Castro, non nos explicamos, como o Goberno do Estado castiga ós seus gandeiros elevando a condicionalidade, feito que non so penaliza senón que impediría o cobro da PAC á maioría deles afectando nomeadamente ás pequenas e medianas explotacións familiares que son as que crean máis traballo en forma de UTAs nas zonas rurais máis desfavorecidas.

De entrar en vigor este RD sería un golpe mortal para a gandaría de leite e carne de Galicia e tamén das gandarías da Cornixa Cantábrica con características e afectacións semellantes. Unha vez máis a ignorancia temeraria, ou a defensa de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

intereses alleos ó sector por parte do Estado, para coas características edafolóxicas, climáticas, orográficas e de reparto da propiedade do país das galegas e dos galegos pon en perigo os sectores de carne e leite de vacún, que en maior medida manteñen vivas, economicamente activas e fixan poboación en amplas zonas do rural de Galicia, moi especialmente a gandaría extensiva de montaña.

O citado decreto obrigaría a implantar nestas explotacións gandeiras toda unha serie de requisitos para, teoricamente, controlar e racionaliza-lo uso de fertilizantes e xurros ditando normas restritivas que máis ben semellan adaptadas a zonas con afectación e declaración de vulnerabilidade.

E coma remate deste argumentario cabe dicir que este proxecto de RD non ten en consideración os últimos acontecementos, poñemos por caso, a extorsión das eléctricas e dos oligopolios dos combustibles, a brutal suba dos prezos dos insumos e fertilizantes, a inflación xerada... que teñen nunha situación de crise sen precedentes a todo o sector gandeiro galego.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

- Sabe a Consellería de Medio Rural da existencia deste proxecto de RD ?
- Cal é a opinión que lle merece?
- Fixo algún tipo de alegacións ou consideracións ao mesmo?
- En que sentido?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-É consciente o goberno galego que este RD legisla sobre competencias exclusivas da Comunidade Autónoma?

-Ten pensado tomar algunha medida a este respecto?

-Cal cre o goberno galego que é a razón pola que este proxecto pasou a súa exposición pública sen que se alporizasen os ánimos?

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2022

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Maria González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 12/05/2022 12:22:47

María González Albert na data 12/05/2022 12:22:59

María del Carmen Aira Díaz na data 12/05/2022 12:23:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre os prazos para a entrega de programacións no curso 2022/23.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellaría de Educación vén de facer pública a nova orde de calendario escolar para o curso 22/23. Nesta orde contéplanse diferentes medidas que, unha vez máis, o goberno galego impón de xeito unilateral e sen ter en conta as necesidades da comunidade educativa.

Así pois, no documento publicado, hai modificacións de calado a respecto do curso anterior que terán un importante impacto na comunidade educativa. Modificacións que en moitos casos volven incorrer nunha sobrecarga burocrática para o profesorado con importantes derivadas académicas.

Unha destas modificacións é o adianto da data de entrega de programacións á xefatura de estudos para o 8 de setembro (20 para a inspección). Uns prazos inflexíbeis nos cursos de primaria, ESO e Bacharelato nos que non entren novos currículos.

É importante destacar que un dos problemas que está a denunciar curso tras curso a comunidade educativa é o incremento da carga burocrática, a maioría das veces inútil, que está a recaer no profesorado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dende o BNG entendemos que as programación deben ser ferramentas cunha plasmación real e efectiva no proceso de aprendizaxe. Documentos centrais e dinámicos que deben ser abordados, co tempo, rigor e efectividade necesarias para garantir que o alumnado obteña o mellor dos resultados.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª :

Vai o Goberno Galego modificar a orde de calendario e escolar e negociar cos axentes da comunidade educativa os prazos de entrega de programacións didácticas?

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2022

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 12/05/2022 12:33:17

Daniel Castro García na data 12/05/2022 12:33:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 12/05/2022 12:33:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre o incremento de días lectivos para o vindeiro curso.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellaría de Educación ven de facer pública a nova orde de calendario escolar para o curso 22/23. Nesta orde contémpanse diferentes medidas que, unha vez máis, o goberno galego impón de xeito unilateral e sen ter en conta as necesidades da comunidade educativa.

Entre estas medidas, atópanse algunhas de importante calado como o adianto do inicio das clases para ESO e Bacharelato. Este adianto prodúcese despois da desaparición das probas extraordinarias de setembro. En consecuencia, o goberno galego decidiu unificar o inicio da actividade lectiva en todos os períodos nos días 8 e 9 de setembro.

Esta medida, alén de non ser consensuada, implica cambios de calado nas dinámicas académicas que poden ser moi prexudiciais para a comunidade educativa. A este respecto cómpre destacar que no sistema educativo galego estamos por riba da media de días lectivos anuais que se imparten na Unión Europea.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. Cre a goberno galego que o calendario escolar proposto para o curso 22/23 responde ás necesidades da comunidade educativa?

. Como valora a Xunta que en Galiza esteamos por riba da media de días lectivos da Unión Europea?

. Cre a Consellaría de Educación que a orde de calendario escolar responde a criterios pedagóxicos?

. Vai o goberno galego revisar a orde de calendario escolar negociando cos axentes da comunidade educativa un novo calendario acorde as necesidades do alumnado?

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2022

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 12/05/2022 12:55:04

Daniel Castro García na data 12/05/2022 12:55:12

Mercedes Queixas Zas na data 12/05/2022 12:55:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na Consellería de Mar existe un colectivo de traballadores denominado “mostradores do Mar”. Oito persoas que dependen directamente da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, nomeadamente da Subdirección de Investigación e Apoio Científico-Técnico.

Desenvolven o seu traballo sempre a bordo de barcos adicados á pesca de distintas artes e levan a cabo unha serie de tarefas de medición, rexistro e control de parámetros variados durante o embarque: Hora de embarque, tempo de travesía, posicionamento GPS dos aparellos, hora de calado e virado, condicións metereolóxicas, características da embarcación, rexistro das capturas e medición e pesada das mesmas, discriminación entre pesca retida e descartada, dimensións dos aparellos, etc.

Os mostradores ou observadores embarcan, segundo as indicacións da Consellería de Mar, en calquera punto da costa galega para desenvolver os seus cometidos e, polo tanto, teñen que ter dispoñibilidade absoluta xa que dependen do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

porto de saída e do horario, que ás veces obrígaos a pernoctar fóra do seu domicilio e a investir dúas ou máis horas de condución ata o destino ordenado.

Os embarques son en buques de pesca profesional, de tipoloxía variada e de propiedade privada. A súa xornada depende do tipo de barco no que naveguen e da pesca á que se adique, e abrangue entre 3 e 16 horas, podendo realizarse de día ou de noite ou independentemente de que as condicións metereolóxicas sexan mellores ou peores.

En definitiva, as condicións de traballo e horarios dos mostradores da Consellería de Mar son os mesmos que as dos mariñeiros propios dos barcos nos que embarcan para desenvolver as súas funcións.

No entanto, malia ás duras condicións nas que teñen que desenvolver as súas tarefas, aplícaselles un réxime de protección social distinto que o das persoas traballadoras do sector e, aínda pertencendo ao Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar non se lles aplica a idade de xubilación establecida no RD 2390/2004, sobre a redución da idade mínima para causar pensión de xubilación no Réxime Especial dos Traballadores do Mar.

Esta discriminación non é xustificábel nin entendíbel, máxime cando a Lei 47/2015, do 21 de outubro, reguladora da protección social das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro, no seu artigo 3.b), recolle aos observadores de pesca como persoas comprendidas no réxime do Mar e no seu artigo 10 clasifícaos no primeiro grupo a efectos de cotización. Pero é, precisamente, este grupo o que queda excluído, por medio do seu artigo 11, da aplicación dos coeficientes correctores da cotización.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra banda, o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo RD Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, recolle que a idade mínima de acceso á pensión de xubilación poderá ser rebaixada naqueles grupos ou actividades profesionais cuxos traballos sexan de natureza excepcionalmente penosa, tóxica, perigosa ou insalubre ...”.

No caso que nos atinxe, a penosidade e a perigosidade é evidente e directamente proporcional á que se lle recoñece aos tripulantes dos buques pesqueiros, aos que os mostradores acompañan en todo momento durante o itinerario da súa travesía.

A normativa vixente recolle tamén que para iniciar o procedemento para o establecemento de coeficientes redutores da idade de xubilación, no caso de persoal pertencente ás administracións públicas “a iniciativa corresponderá conxuntamente ás organizacións sindicais máis representativas e á administración da que dependa o colectivo”.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

. Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre o feito de que ao colectivo de mostradores pertencentes á Consellería de Mar non se lles aplique igual protección social que a dos traballadores e traballadoras do sector do mar?

. Considera que ao mencionado colectivo debe corresponderlle, polas condicións da súa actividade unha rebaixa da idade de xubilación?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Ten realizado nos últimos anos algunha xestión para que ao colectivo de mostradores se lle recoñeza a penosidade e perigosidade do seu traballo? Cales exactamente?

. Mantivo nalgunha ocasión nos últimos anos algunha reunión cos representantes dos traballadores do colectivo de mostradores para abordar esta situación? De ser así, con que resultado e conclusións finalizaron?

. Está disposto o Goberno galego a iniciar o procedemento para que o colectivo de mostradores da Consellería de Mar poda acceder a coeficientes redutores da idade de xubilación? De ser así, en que horizonte temporal?

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 12/05/2022 12:56:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María do Carme González Iglesias na data 12/05/2022 12:56:12

Daniel Castro García na data 12/05/2022 12:56:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral e Olalla Rodil Fernández, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre privatización dunha escola infantil na Guarda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 26 de abril o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar publicou na súa páxina web a licitación do servizo de atención educativa na escola infantil da Guarda. Un documento que na práctica implica que a xestión desa escola infantil non se realizará mediante xestión directa e con persoal do Consorcio, senón a través dunha empresa privada.

Cómpre destacar que o Concello da Guarda, xa en xuño do ano 2020, asinara un convenio de colaboración coa Consellaría de Política Social na que se acordaba construír unha escola infantil de 0 a 3 anos, con 3 unidades e 41 prazas. Un centro que debería empezar a súa actividade lectiva no curso 22/23.

Sorprendentemente, a Consellaría de Política Social, decidiu sen que ninguén agardase tal decisión, apostar pola xestión privada desta escola infantil. Esta decisión da Xunta está a crear unha gran indignación na veciñanza da Guarda, que non entende como é posíbel que un centro construído con fondos públicos e en terreos municipais vaia ser agora explotado por unha empresa privada que non tivo que investir nin que arriscar un céntimo nese proxecto.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 5ª :

Vai o Goberno galego suspender a licitación do servizo de Escola Infantil na Guarda e dotala de persoal propio do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar?

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2022

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Olalla Rodil Fernández

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 12/05/2022 13:15:38

Olalla Rodil Fernández na data 12/05/2022 13:15:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 1 de outubro de 2020, este Grupo Parlamentar rexistrou diversas iniciativas relativas á falla de seguridade viaria na estrada AC-550 ao seu paso polo termo municipal de Noia. Nomeadamente, solicitabamos “medidas urxentes para dotar de seguridade viaria aos lugares de Boa, Orro, Vilanova e Eiroa”.

A resposta escrita do Goberno chegou o 29 de decembro e, malia a constatar pola súa parte as reiteradas solicitudes de novos pasos de peóns por parte da Administración local e da veciñanza, indicóusenos que a súa habilitación neses puntos “non cumpre os requisitos fixados pola normativa”.

Non conformes cos argumentos desa resposta, rexistramos novas iniciativas, aportando datos máis precisos sobre a situación, o 1 de marzo de 2021. A nova resposta escrita ás nosas preguntas chegou o 22 de setembro e nesta ocasión, recoñécese que hai posibilidades de poder colocar un paso de peóns no lugar de Orro, nomeadamente no punto 70+050, á altura da marquesiña, mais que “o Concello debe levar a cabo unha serie de actuacións encamiñadas a garantir a seguridade dos usuarios do paso” e que “a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Noia están en contacto para que o paso de peóns de Orro se materialice o antes posíbel”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No mes de xaneiro deste ano, e tamén a solicitude do Grupo Municipal do BNG, o alcalde de Noia trasládanos que as xestións coa Axencia Galega de Infraestruturas xa tiveran lugar e que o paso de peóns de Orro materializárase “antes do remate do mes de febreiro. Estamos no mes de maio e aínda non se levou a cabo.

No caso do lugar de Boa, tamén en resposta do Goberno do 22 de setembro de 2021, dísenos que “non é treito urbano e non dispón de beirarrúas en ambas marxes” e que, ademais, “a iluminación non é suficiente”.

Ao noso xuízo, que a parroquia de Boa non se considere un treito urbano non se axusta á realidade do lugar, máxime cando existen pasos de peóns en zonas moi similares e cunha menor densidade de poboación. No relativo ás beirarrúas, aínda que moi mellorábeis, si existen e o problema da iluminación poderíase solucionar facilmente.

É dicir, que os inconvenientes que a Xunta de Galiza está a poñer de manifesto na súa resposta escrita, entendemos que se se realizan as accións precisas, de xeito coordinado e con dilixencia entre as dúas administracións, podería dársele solución a un problema que vén de vello e que causa moita preocupación entre os veciños e veciñas do lugar.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

-Por que motivo non se habilitou aínda o paso de peóns no lugar de Orro que se acordou co Concello de Noia? En que prazo prevé a Xunta de Galiza telo definitivamente operativo? Considera que é urxente facelo antes de que comece o verán e, polo tanto, a época de maior tráfico na zona?.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Considera o Goberno galego que os inconvenientes atopados na zona de Boa, tamén en Noia, para a habilitación dun paso de peóns son subsanábeis? Está disposto a coordinarse co Concello para poder levalo a cabo e atender unha vella demanda da veciñanza do lugar?.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 12/05/2022 13:18:18

Xosé Luis Bará Torres na data 12/05/2022 13:18:29

Paulo Ríos Santomé na data 12/05/2022 13:18:37



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

O sistema sanitario público galego adoece, en especial a Atención Primaria, dunha situación de desatención tal por parte do Goberno que a cidadanía, sobre todo dos núcleos rurais, atópase desprotexida dun dos seus dereitos fundamentais como é o da sanidade.

Isto está a acontecer no centro de saúde do concello de Rianxo, onde a atención sanitaria polas tardes é moi deficitaria pese ao esforzo do persoal facultativo e técnico. As persoas usuarias da quenda da tarde tardan dúas semanas en concertar unha cita co seu médico mesmo para renovar receitas e non atopan resposta na atención telefónica, véndose obrigadas a acudir de maneira presencial ao centro de saúde.

Esta situación ten boa parte de explicación na inexistencia do punto de atención continuada en horario de tarde os días laborables (só funciona de 22:00 a 8:00 horas). Ao non dispor dese servizo de urxencias polas tardes, as persoas que precisan de atención médica desprázanse ao centro igualmente de xeito que o persoal facultativo desa quenda ten que atender os seus doentes e tamén os casos imprevistos, co conseguinte desbordamento na carga de traballo que lles supón. É por isto que ese centro de saúde vese en serias dificultades para que alguén queira ocupar esa praza de maneira estable.

A maiores, e dadas as dificultades de concertar a tempo unha cita co facultativo desa quenda, moitas doentes acoden ao servizo de PAC para consultas que deberan tramitarse pola vía ordinaria, froito da saturación existente que provoca desorde na xestión dos casos que fan as persoas usuarias e unha disfunción dos servizos.

Por todo isto, e para ofrecer un servizo de saúde digno a toda a poboación do concello de Rianxo, faise necesario dotar a quenda ordinaria da tarde do persoal suficiente e adiantar o horario do PAC ás 15:00 horas, como acontece na práctica totalidade dos centros de Atención Primaria de Galicia e como reclaman máis de 3.000 rianxeiros e rianxeiras coas súas sinaturas que xa entregaron ao Sergas.



Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Valora o Goberno galego adiantar o horario do punto de atención continuada (PAC) de Rianxo ás 15:00 horas os días laborables?

2ª) Cal é a razón de que o PAC de Rianxo comece a prestar servizo ás 22:00 horas?

3ª) Coñece a situación de desatención ás persoas doentes que se produce polas tardes no centro de saúde de Rianxo?

4ª) Vai tomar o Sergas algunha medida urxente para solucionar os problemas do centro de saúde de Rianxo en horario de tarde?

Pazo do Parlamento, 12 de maio de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 12/05/2022 13:26:48

Julio Torrado Quintela na data 12/05/2022 13:27:08

Marina Ortega Otero na data 12/05/2022 13:27:18





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso e Rosana Pérez Fernández, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, sobre as medidas a tomar para recuperar a produción marisqueira da ría de Cariño.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación da produción marisqueira na ría de Ortigueira, e nomeadamente nas áreas de explotación da confraría de Cariño así como en algunhas zonas de libre marisqueo, é un completo desastre.

De feito as poucas persoas que aínda se dedican ao marisqueo nesta confraría levan todo un ano sen poder traballar pola falta de marisco. Situación acreditada mediante as mostraxes realizadas polos organismos técnicos competentes da Xunta de Galiza e polo tanto perfectamente coñecida.

De feito a baixada da produción ven sendo denunciada polo persoal do sector desde hai varios anos, e constatada por persoal técnico ao servizo da Xunta desprazado até as zonas de explotación.

Nestes anos ningunha das alternativas presentadas pola Xunta ás mariscadoras para recuperar a produción teñen dado resultado, por exemplo sementar ameixa, xa que morre sistematicamente aos poucos días da sementeira, sen que se coñeza polo de agora a causa da desaparición do marisco e da mortalidade das ameixas sementadas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A caída da produción afecta tamén a un tipo de ostra que foi o único sustento económico das mariscadoras durante os anos anteriores, e que se trata de unha especie foránea e invasiva.

En todo caso, ante a ausencia de análises exhaustivas e rigorosas, e de explicacións definitivas, o certo é que se descoñece o grao de afectación sobre a produción marisqueira de determinados feitos como poden ser, entre outros, cambios na morfoloxía dos fondos nos que poden ter incidido dragados realizados na ría para obras portuarias, actividades mineiras realizadas nas proximidades e as súas actividades complementarias como é o embarque do mineral, ou vertidos de augas residuais.

O colectivo de mariscadoras leva un ano sen ingresos e o que é peor, sen solucións nin expectativas razoábeis de mudar a tendencia.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª :

. Desde cando coñece a Xunta de Galiza a situación da produción de marisqueira na ría de Ortigueira? Como a cualificaría?

. Conta a Xunta de Galiza con algún estudo técnico da situación marisqueira na ría de Ortigueira? Encargou a realización de algún estudo á empresa SEAGA ou a persoal ao seu servizo? Por que non é coñecido polo sector?

. Cantos casos de vertidos na ría de Ortigueira teñen sido obxecto de actuacións por parte da Xunta de Galiza nos últimos 20 anos? Cantos teñen a ver con defectos no sistema de depuración de augas residuais? Cantos son vertidos de carácter industrial?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Cantos dragados se teñen realizado na ría de Ortigueira desde o ano 2000?
Cantos destes dragados foron precedidos de estudos das dinámicas hídricas na ría?
Onde se depositaron os materiais extraídos neses dragados? Téñense avaliado a posteriori os efectos deses dragados?

. Sabe a Xunta de Galiza se as actividades da mina de Dunita da empresa PASEK están recollidas no catálogo APCA? Que tipo de autorización governativa ten esta empresa para realizar actividades no Porto de Cariño? Que medidas de control existen no Porto de Cariño para as actividades de almacenamento e carga deste mineral?

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2022

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Rosana Pérez Fernández

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 12/05/2022 17:12:48

Rosana Pérez Fernández na data 12/05/2022 17:12:53



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

